

cantís e advertidos antes da súa publicación, o rexistrador mercantil central deberá obter a conformidade previa documentada do titular en cuxo rexistro se inscribise a persoa ou a entidade a que os datos se refiran.

A falta de acordo entre os rexistradores sobre a procedencia da rectificación será resolta, por solicitude de calquera deles, pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

2. A emenda de erros advertidos na sección primeira do «Boletín Oficial del Registro Mercantil», unha vez efectuada a publicación, faraa o rexistrador mercantil central. Este actuará por instancia do rexistrador mercantil correspondente, por si ou por petición de calquera interesado, e remitiralle á Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, en formato electrónico, a oportuna rectificación na cal, logo de conformidade do rexistrador mercantil, de ser o caso, se indicará o erro observado, o número e a data do boletín en que se fixo a publicación incorrecta e os datos correctos que se deban publicar.

3. O propio organismo editor poderá efectuar a corrección de erratas ou de discordancias entre o texto remitido e o texto publicado.

Artigo 17. *Réxime económico.*

1. A publicación de actos e anuncios no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» está suxeita ao pagamento da correspondente taxa, de acordo co disposto na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, no Estatuto da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, aprobado polo Real decreto 1495/2007, do 12 de novembro, e no Regulamento do Rexistro Mercantil.

2. O procedemento de xestión da taxa por publicación dos actos da sección primeira establecerano conxuntamente o Ministerio de Xustiza, o Ministerio de Economía e Facenda e a Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.

3. O procedemento de xestión da taxa por publicación dos anuncios e avisos legais da sección segunda establecerao a Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.

Disposición adicional única. *Subscrición de convenios de colaboración.*

Poderanse subscribir convenios de colaboración entre o Ministerio de Xustiza, a Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado e as comunidades autónomas, as cámaras oficiais de comercio e os colexios profesionais para a instalación de terminais informáticos que lles permitan aos cidadáns realizar buscas e consultas no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Autorízanse o ministro de Xustiza e a vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia para que diten cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2009.

Dado en Madrid o 28 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

19916 *ORDE EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. («BOE» 297, do 10-12-2008.)*

O artigo 167.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, encomenda ao Ministerio de Economía e Facenda o establecemento, con carácter xeral, da estrutura dos orzamentos das entidades locais, tendo en conta a natureza económica dos ingresos e dos gastos, así como as finalidades ou obxectivos que con estes últimos se propoñan conseguir.

Por outra parte, a disposición adicional sexta daquela lei establece que o Ministerio de Economía e Facenda modificará tanto as estruturas dos orzamentos das entidades locais como os criterios de clasificación a que fai referencia o mencionado artigo 167, co obxecto de adaptalos aos establecidos para o sector público estatal en cada momento.

A estrutura orzamentaria e os criterios de clasificación actualmente vixentes recóllense na Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989, que resultou ser de aplicación obrigatoria para os orzamentos correspondentes aos exercicios iniciados a partir do 1 de xaneiro de 1992.

Desde ese ano producíronse múltiples modificacións non só na primixenia Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, senón tamén no marco orzamentario da Administración do Estado.

No contexto anterior deben destacarse a Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, que introduciu importantes modificacións no ámbito tributario, así como no financeiro, coa definición dun novo modelo de participación das entidades locais nos tributos do Estado, incluíndo elementos de cesión de determinados rendementos recadatorios de impostos estatais (IRPF, IVE e impostos especiais sobre fabricación) no caso das provincias e de municipios significados ben pola súa poboación (igual ou superior a 75.000 habitantes), ben polo seu carácter de capitalidade (de provincia ou de comunidade autónoma). Debe salientarse así mesmo a reforma que na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, supuxo a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Na súa aplicación aos orzamentos das entidades locais é relevante a Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, e a súa reforma instrumentada mediante a Lei 15/2006, do 26 de maio.

Así mesmo, é preciso recordar que a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu artigo 15 impón ás administracións públicas, e, por tanto, ás entidades locais, a obriga de integrar, de forma activa, na definición e fixación de orzamentos das súas políticas públicas en todos os ámbitos o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

Por último, e xa con incidencia específica no marco orzamentario aplicable á Administración do Estado, débense ter en conta a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, cuxos artigos 39 a 41 establecen os criterios que deben rexer a estrutura dos orzamentos xerais do Estado, e cuxa entrada en vigor se produciu, para estes efectos, cos correspondentes ao ano 2005 (disposición derradeira quinta da Lei 47/2003, do 26 de novembro, citada). Esta estrutura foi aprobada mediante a

Orde EHA/1645/2004, do 3 de xuño, pola que se ditaban as normas para a elaboración dos orzamentos xerais do Estado para 2005.

En relación con estas últimas normas merece destacarse o artigo 40.1, que dispón que os estados de gastos dos orzamentos se estruturarán de acordo coas clasificacións orgánica, por programas e económica. A nova clasificación por programas vén substituír a anterior clasificación funcional, e, como sinala o preámbulo da citada Orde EHA/1645/2004, vincúlase ás políticas públicas de gasto que delimitan as distintas áreas de actuación do orzamento. En consecuencia, como se establece no seu punto 3.1.1, «Estrutura de programas», os programas de gasto agregaranse en áreas de gasto, políticas de gasto e grupos de programas.

En definitiva, a estrutura dos orzamentos das entidades locais tivo ata o momento o seu fundamento xurídico nunha norma que, co paso do tempo, se foi separando paulatinamente das sucesivas reformas normativas que, dalgún modo, puideron ter incidencia orzamentaria.

Cabe recordar que a única modificación operada na orde que agora se reforma o foi mediante outra do Ministerio de Economía e Facenda do 8 de setembro de 1999 e que afectaba as taxas, que se recollen no artigo 31 do capítulo 3 do estado de ingresos dos orzamentos das entidades locais.

Por outra banda, o marco contable das entidades locais foi obxecto de reforma mediante as instrucións dos modelos de contabilidade local (modelos básico, normal e simplificado) aprobadas polas ordes daquel ministerio do 23 de novembro de 2004 (ordes EHA/4040/2004, EHA/4041/2004 e EHA/4042/2004).

Con esta orde ministerial preténdese dar cumprimento á disposición adicional sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, tendo en conta os artigos 39 a 41 da Lei xeral orzamentaria e as ordes do Ministerio de Economía e Facenda que as viñeron desenvolvendo para a elaboración dos orzamentos xerais do Estado correspondentes aos exercicios 2005 e seguintes, de modo que tanto a estrutura dos orzamentos das entidades locais como os criterios de clasificación dos seus ingresos e gastos se adapten aos actualmente establecidos para o sector público estatal, tendo en conta as peculiaridades da actividade financeira daquelas entidades.

Estas peculiaridades teñen un maior reflexo no contido da clasificación por programas, e, dentro desta, merece destacarse a área de gastos «Servizos públicos básicos» (área de gasto 1) por canto estes difiren substancialmente dos que corresponden á Administración xeral do Estado, téndose en conta para estes efectos a enumeración que realiza a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dos servizos públicos de prestación obrigatoria a cargo dos municipios e das provincias.

Os mencionados criterios e estrutura defínense no articulado desta orde e son obxecto de desenvolvemento nos anexos que a acompañan. Estes conteñen a clasificación por programas, que substitúe a clasificación funcional, unha táboa de equivalencias entre ambas, co obxecto de posibilitar a mellor aplicación da nova clasificación, así como a clasificación económica dos gastos e dos ingresos das entidades locais.

Dentro da nova clasificación por programas, as áreas de gasto substitúen os grupos de función; as políticas de gasto, as funcións e os grupos de programas, as subfuncións.

Por outra banda, substitúese a denominación «partida orzamentaria» pola de «aplicación orzamentaria» co fin de evitar posibles confusións coa «partida» como nivel de desagregación do subconcepto económico, así como manter unha definición homoxénea coa Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Esta orde ministerial conta co informe favorable dos servizos xurídicos deste ministerio.

En virtude do exposto, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito subxectivo.*

1. Apróbanse por esta orde a estrutura, as normas e os códigos a que se deberán adaptar os orzamentos das entidades locais.

2. A normativa contida nesta orde pola que se establece a estrutura orzamentaria prevista no artigo 167.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, será aplicable tanto ás entidades locais como aos organismos autónomos dependentes delas.

Artigo 2. *Estrutura dos orzamentos.*

1. As entidades locais elaborarán os seus orzamentos tendo en conta a natureza económica dos ingresos e dos gastos, e as finalidades e os obxectivos que con estes últimos se pretendan conseguir.

2. Igualmente, poderán clasificar os gastos e ingresos atendendo á súa propia estrutura de acordo cos seus regulamentos ou decretos de organización.

Artigo 3. *Criterios xerais de clasificación do estado de gastos.*

Os estados de gastos dos orzamentos das entidades locais clasificaranse cos seguintes criterios:

- a) Por programas.
- b) Por categorías económicas.
- c) Opcionalmente, por unidades orgánicas.

Artigo 4. *Clasificación por programas.*

1. Os créditos ordenaranse segundo a súa finalidade e os obxectivos que con eles se propoña conseguir, conforme a clasificación por áreas de gasto, políticas de gasto e grupos de programas que se detallan no anexo I.

2. O detalle dos créditos presentarase, como mínimo, a nivel de grupos de programas de gasto.

3. A estrutura por grupos de programas de gasto é aberta, polo que se poderán crear os que se consideren necesarios cando non figuren na estrutura que se establece mediante esta orde.

4. Os grupos de programas de gasto poderanse desenvolver en programas e subprogramas, cuxa estrutura será igualmente aberta.

Artigo 5. *Clasificación económica do gasto.*

1. A clasificación económica do gasto agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras.

2. Atendendo á súa natureza económica, os capítulos desagregaranse en artigos, e estes, pola súa vez, en conceptos, que se poderán subdividir en subconceptos.

3. Os créditos clasificaranse de acordo coa estrutura que, por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos, se detalla no anexo III desta orde.

4. A estrutura por conceptos e subconceptos é aberta, polo que se poderán crear os que se consideren necesarios cando non figuren na estrutura que esta orde establece.

5. Os subconceptos poderanse desenvolver en partidas, cuxa estrutura é igualmente aberta.

Artigo 6. *Aplicación orzamentaria.*

A aplicación orzamentaria virá definida, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e eco-

nómica, a nivel de grupos de programas e concepto, respectivamente.

No caso de que a entidade local opte por utilizar a clasificación orgánica, a aplicación orzamentaria virá definida pola conxunción das clasificacións orgánica, por programas e económica.

Artigo 7. *Rexistro contable.*

1. O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto realízase, como mínimo, sobre a aplicación orzamentaria definida no artigo anterior.

2. As entidades locais poderán efectuar o seguimento contable a un maior nivel de desagregación.

Artigo 8. *Créditos iniciais e definitivos.*

1. Entenderase por crédito inicial o asignado a cada aplicación orzamentaria no orzamento da entidade definitivamente aprobado.

2. O crédito definitivo vixente en cada momento virá determinado polo crédito inicial aumentado ou diminuído como consecuencia de modificacións orzamentarias.

Artigo 9. *Clasificación económica do ingreso.*

1. As previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasificaranse separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras, de acordo coa estrutura que por capítulos, artigos, conceptos e subconceptos se detalla no anexo IV desta orde.

2. A estrutura por conceptos e subconceptos é aberta, polo que se poderán crear os que se consideren necesarios cando non figuren na estrutura que esta orde establece.

Artigo 10. *Clasificacións aplicables ás entidades locais de menos de 5.000 habitantes.*

As entidades locais de menos de 5.000 habitantes poderán presentar e executar os seus orzamentos a nivel de área de gasto e artigo, de acordo coas clasificacións que se establecen nos anexos I, III e IV.

En todo caso, para os efectos do disposto no artigo 193.5 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, remitirán á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais os orzamentos e as súas liquidacións co nivel de detalle con que os presentasen e aprobasen.

Disposición adicional única. *Equivalencias da clasificación por programas.*

As áreas de gasto, as políticas de gasto e os grupos de programas corresponden, respectivamente, cos grupos de funcións, funcións e subfuncións, de acordo coas denominacións utilizadas nos orzamentos das entidades locais anteriores ao exercicio 2010, conforme a táboa de equivalencias recollida no anexo II desta orde.

Disposición transitoria única. *Aplicación da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989.*

Aos orzamentos das entidades locais correspondentes a exercicios iniciados con anterioridade ao día 1 de xaneiro de 2010 seralles aplicable a Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989 pola que

se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir do día 1 de xaneiro de 2010 queda derogada a Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989 pola que se establecía a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento de competencias.*

En virtude do artigo 12.1.g) do Real decreto 1127/2008, do 4 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Economía e Facenda, corresponde á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais a competencia para emitir informes ás consultas relativas ao contido e á aplicación desta orde ministerial.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

A Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, do Ministerio de Economía e Facenda, poderá ditar as medidas precisas para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e resultará aplicable aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2010 e seguintes.

Madrid, 3 de decembro de 2008.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

ANEXO I

Códigos da clasificación por programas dos gastos do orzamento das entidades locais e dos seus organismos autónomos

Para a correcta clasificación dos gastos atendendo aos programas correspondentes terase en conta o que se determina na codificación a que se refire este anexo.

Se algún gasto for susceptible de se aplicar a máis dunha política de gasto, imputarase a aquela que se considere máis axeitada en relación co conxunto de obxectivos e finalidades definidos. Para tales efectos, poderanse ter en conta tanto criterios cualitativos como cuantitativos da xestión orzamentaria.

Esta codificación ten carácter pechado e obrigatorio nos seus niveis de áreas de gasto e de políticas de gasto. Polo que se refire a grupos de programas, programas ou subprogramas, considérase aberto, polo que cada entidade local poderá crear cantas epígrafes destes niveis considere necesarias de acordo coas súas necesidades.

Non obstante, e debido á especialidade da Administración local, tipifícanse e codifícanse algúns grupos de programas que se consideran de xeral utilización. No caso en que a entidade local decida clasificar por calquera dos ditos grupos de programas, necesariamente deberá asignarlles o número de codificación previsto.

ÁREA DE GASTO 1

Servizos públicos básicos

Esta área ou grupo comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con

carácter obrigatorio, deben prestar os municipios, por si ou asociados, consonte o artigo 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ou, de ser o caso, as provincias, consonte o artigo 31.2 da mesma lei, atendendo á súa función de cooperación e asistencia aos municipios.

Para estes efectos, inclúense, nos termos que se expoñen para cada unha delas, catro políticas de gasto básicas: seguranza e mobilidade cidadá, vivenda e urbanismo, benestar comunitario e ambiente.

Nesta área non se consideran aquelas políticas de gasto de carácter sectorial e que, en consecuencia, integran outras áreas de gasto da presente estrutura.

Política de gasto 13. *Seguranza e mobilidade cidadá.*

Comprende todos os gastos dos servizos relacionados coa seguranza e a mobilidade cidadá e aqueles que teña que realizar a entidade local para colaborar coa Administración xeral do Estado ou da respectiva comunidade autónoma en apoio dos servizos de protección e defensa civil, actuacións no caso de calamidades ou catástrofes, extinción de incendios e accións en xeral destinadas á protección dos bens da entidade local ou dos particulares, así como as que se refiran á ordenación do tráfico e do estacionamento de vehículos.

Tipifícanse cinco grupos de programas, distinguíndose aqueles que teñen por finalidade a cobertura de gastos xerais de administración asociados directamente aos servizos de seguranza cidadá e protección civil. Para estes efectos, enténdese por administración xeral as actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.

- 130. Administración xeral da seguranza e protección civil.
- 132. Seguranza e orde pública.
- 133. Ordenación do tráfico e do estacionamento.
- 134. Protección civil.
- 135. Servizo de extinción de incendios.

Política de gasto 15. *Vivenda e urbanismo.*

Inclúense todos os gastos dos servizos relacionados coa vivenda e co urbanismo, así como dos complementarios destes.

Así pois, imputaranse a ela os gastos referentes á construción, mellora e conservación de vivendas e albergues, incluída a adquisición de terreos; os derivados do planeamento e réxime urbanístico do solo; vías urbanas e outros de natureza análoga.

Impútanse a esta política de gasto os levados a cabo en concepto de axudas que posibilitan o acceso á vivenda en calquera réxime, en accións propias ou en colaboración con outras administracións públicas. Tamén se inclúen os gastos derivados do fomento da promoción pública de vivendas.

Tipifícanse seis grupos de programas, distinguíndose aqueles que teñen por finalidade a cobertura de gastos xerais de administración asociados directamente ao desenvolvemento da política da vivenda e do urbanismo:

- 150. Administración xeral de vivenda e urbanismo.
- 151. Urbanismo.
- 152. Vivenda.
- 153. Acceso á vivenda.
- 154. Fomento da edificación protexida.
- 155. Vías públicas.

Política de gasto 16. *Benestar comunitario.*

Comprende todos os gastos relativos a actuacións e servizos cuxa finalidade é a mellora da calidade de vida en xeral.

Imputaranse a ela os derivados da construción, mantemento, conservación e funcionamento dos servizos de saneamento, abastecemento e distribución de auga; recolla, eliminación ou tratamento de lixo; limpeza viaria; cemiterios e servizos funerarios; e outros servizos de benestar comunitario, entre os que se incluírán, de ser o caso, os gastos correspondentes a matadoiros.

Tipifícanse seis grupos de programas:

- 161. Saneamento, abastecemento e distribución de augas.
- 162. Recolla, eliminación e tratamento de residuos.
- 163. Limpeza viaria.
- 164. Cemiterios e servizos funerarios.
- 165. Iluminación pública.
- 169. Outros servizos de benestar comunitario.

Política de gasto 17. *Ambiente.*

Incluíranse nesta política de gasto todos os gastos relativos á protección e mellora do ambiente así como os de investimento e funcionamento dos servizos de protección do medio natural; repoboación forestal, realizada pola propia entidade ou en consorcio con outras administracións públicas; defensa contra incendios forestais, deslindamento e marcaxe ou loita contra a desertización; mantemento de praias e outros de natureza análoga.

Tipifícanse catro grupos de programas:

- 170. Administración xeral do ambiente.
- 171. Parques e xardíns.
- 172. Protección e mellora do ambiente.
- 179. Outras actuacións relacionadas co ambiente.

ÁREA DE GASTO 2

Actuacións de protección e promoción social

Inclúense nesta área ou grupo todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión; pensións de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atencións a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, discapacitados físicos e terceira idade; medidas de fomento do emprego.

Política de gasto 21. *Pensións.*

Pensións gratificables, melloras de pensións e pensións extraordinarias a cargo da entidade local de funcionarios e persoal laboral ou os seus habentes dereito e outros gastos de natureza similar.

Tipifícase un grupo de programas:

- 211. Pensións.

Política de gasto 22. *Outras prestacións económicas a favor de empregados.*

Comprende todos os gastos deste tipo, así como os derivados da acción social a favor dos empregados, agás as cotas a cargo do empregador de mutualidades e Seguridade Social.

Tipifícase un grupo de programas:

- 221. Outras prestacións económicas a favor de empregados.

Política de gasto 23. *Servizos sociais e promoción social.*

Imputaranse a esta política de gasto os levados a cabo pola entidade local para a promoción da igualdade de xénero, promoción e reinserción social de marxinados, así como para a xestión dos servizos sociais; prestación de servizos a persoas dependentes e de asistencia social, residencias de anciáns e outros de natureza análoga. Tamén se incluírán as transferencias finalistas a entidades e familias que colaboren na consecución destes fins.

Enténdese por administración xeral as actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.

Tipifícanse catro grupos de programas:

- 230. Administración xeral de servizos sociais.
- 231. Acción social.
- 232. Promoción social.
- 233. Asistencia a persoas dependentes.

Política de gasto 24. *Fomento do emprego.*

Impútanse a esta política de gasto aqueles que teñen por obxecto o fomento e a promoción do emprego en accións propias ou en colaboración con outras administracións públicas.

Tipifícase un grupo de programas:

- 241. Fomento do emprego.

ÁREA DE GASTO 3

Produción de bens públicos de carácter preferente

Esta área ou grupo comprende todos os gastos que realice a entidade local en relación coa sanidade, educación, cultura, ocio e tempo libre, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes a elevar ou mellorar a calidade de vida.

Política de gasto 31. *Sanidade.*

Nesta política de gasto inclúense os gastos que teñen por obxecto a prevención e curación de enfermidades, así como o mantemento dun estado de inmunidade sanitario na poboación. Quedan comprendidos os gastos destinados á creación, construción, equipamento e funcionamento de hospitais, clínicas e sanatorios de calquera natureza, casas de socorro, dispensarios, boticas de primeiros auxilios, balnearios, laboratorios de análises, así como os seus servizos complementarios, entre os que cabe citar ambulancias; servizos de saúde pública; control e subministración de medicamentos e produtos sanitarios; hixiene pública; laboratorios de análises agroalimentarias; actuacións de seguranza alimentaria; campañas de desinfección, desinsectación ou desratización, e outros de natureza análoga.

Tipifícanse dous grupos de programas:

- 312. Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde.
- 313. Accións públicas relativas á saúde.

Política de gasto 32. *Educación.*

Esta política de gasto comprende todos os gastos derivados da creación, conservación e funcionamento de centros e institucións de ensinanzas de todo tipo e os seus servizos complementarios, así como as transferencias a outros entes ou familias para axuda e fomento desta.

Os gastos incluídos no grupo de programas de administración xeral corresponderán a actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.

Así, imputaranse a esta política de gasto os gastos de construción, dotación e funcionamento de centros de ensino, distribuíndose de acordo cos distintos niveis educativos a que se refiran. Tamén se incluírán os gastos de centros benéfico-asistenciais cando neles predomine o carácter educativo.

Os gastos en concepto de transporte escolar, bolsas, axudas, considéranse servizos complementarios de educación.

Así mesmo, inclúense os gastos cuxo obxecto sexa a mellora do nivel educativo dos cidadáns.

Tipifícanse cinco grupos de programas:

- 320. Administración xeral de educación.
- 321. Educación preescolar e primaria.
- 322. Educación secundaria.
- 323. Promoción educativa.
- 324. Servizos complementarios de educación.

Política de gasto 33. *Cultura.*

Esta política de gasto comprende os orixinados polos servizos a que se refire a súa denominación, mesmo os de carácter recreativo.

Os gastos incluídos no grupo de programas de administración xeral corresponderán a actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.

Inclúense os gastos de creación, conservación e funcionamento dos edificios destinados a bibliotecas, museos, arquivos, casas da cultura, actividades culturais, de lecer e tempo libre, como fogares do xubilado ou casas da xuventude; salas de exposicións, pazos de congresos, parques zoolóxicos, bandas de música e agrupacións musicais, festas locais de carácter popular, actividades recreativas en praias, actuacións a prol da conservación do patrimonio histórico-artístico e outros gastos recreativos e culturais; así como as transferencias a entidades ou familias que colaboren no fomento destas actividades.

Tipifícanse oito grupos de programas, distinguíndose aqueles que teñen por finalidade a cobertura de gastos xerais de administración asociados directamente aos servizos de cultura e ocio:

- 330. Administración xeral de cultura.
- 332. Bibliotecas e arquivos.
- 333. Museos e artes plásticas.
- 334. Promoción cultural.
- 335. Artes escénicas.
- 336. Arqueoloxía e protección do patrimonio histórico-artístico.
- 337. Ocio e tempo libre.
- 338. Festas populares e festexos.

Política de gasto 34. *Deporte.*

Esta política de gasto comprende os orixinados polos servizos a que se refire a súa denominación, tales como promoción e difusión deportiva, gastos de creación, conservación e funcionamento dos edificios destinados a piscinas, instalacións deportivas de todo tipo ou calquera outra actuación directamente relacionada co deporte ou coa política deportiva da respectiva entidade local.

Os gastos incluídos no grupo de programas de administración xeral corresponderán a actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.

Considéranse nesta política de gasto tres grupos de programas:

- 340. Administración xeral de deportes.
- 341. Promoción e fomento do deporte.
- 342. Instalacións deportivas.

ÁREA DE GASTO 4

Actuacións de carácter económico

Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que tenden a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica.

Incluiranse tamén os gastos en infraestruturas básicas e de transportes; infraestruturas agrarias; comunicacións; investigación, desenvolvemento e innovación.

Política de gasto 41. *Agricultura, gandería e pesca.*

Comprende os gastos de toda índole destinados á mellora, fomento e ordenación das actividades agrícolas, gandeiras e piscícolas.

Os gastos incluídos no grupo de programas de administración xeral corresponderán a actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.

Imputaranse os gastos relativos a plans de ordenación do sector; colonización e concentración parcelaria; fomento do movemento cooperativo e promoción do asociacionismo; fomento da industrialización agroalimentaria; formación de novos empresarios; centros de extensión agraria e outros de igual natureza.

Incluiranse, ademais, os gastos relacionados co control e coa erradicación de pragas; mellora e selección de sementes e de gando, centros de biotecnoloxía; explotacións experimentais agrícolas e outras de natureza similar.

Así mesmo, comprende os gastos relacionados coa creación, mellora e mantemento de infraestruturas básicas en actividades agrícolas, gandeiras, piscícolas ou cinexéticas; regadíos; modificación e mellora das estruturas; conservación e saneamento de solos e outras de natureza similar.

Igualmente, imputarase a esta política de gasto, se é o caso, a achega ou cota ao pósito agrícola.

Tipifícanse cinco grupos de programas:

410. Administración xeral de agricultura, gandería e pesca.

412. Melloras das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.

414. Desenvolvemento rural.

415. Protección e desenvolvemento dos recursos pesqueiros.

419. Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca.

Política de gasto 42. *Industria e enerxía.*

Comprende os gastos de todo tipo destinados á promoción, apoio e desenvolvemento da industria no ámbito de acción da entidade local.

Os gastos incluídos no grupo de programas de administración xeral corresponderán a actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.

Imputaranse a esta política de gasto os ocasionados con motivo de investimento en capital de empresas; fomento da acción empresarial; axudas para a reconversión e reindustrialización; fomento do asociacionismo de empresas industriais, e todo tipo de transferencias con destino a estes fins e de incentivos á localización industrial.

Incluiranse, ademais, os gastos relacionados co apoio á minaría, investigación, preparación, comercialización e outras actividades da produción mineira.

Así mesmo, comprende os gastos relacionados coa produción, transmisión e distribución de enerxía, en especial de gas e electricidade. Tamén se imputarán a esta política de gasto as transferencias a outros axentes co fin específico propio das actividades que se prevén nela.

Tipifícanse catro grupos de programas:

420. Administración xeral de industria e enerxía.

422. Industria.

423. Mínera.

425. Enerxía.

Política de gasto 43. *Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas.*

Incluiranse os gastos de calquera natureza dos servizos da entidade relacionados co comercio ou coa actividade comercial.

Os gastos incluídos no grupo de programas de administración xeral corresponderán a actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.

Comprenderá os gastos correspondentes a mercados centrais ou de retalistas, a lonxas e a calquera outra instalación similar; actuacións en defensa da competencia; control de pesos e medidas e outros de natureza análoga.

Incluiranse tamén os gastos de calquera natureza asociados ao desenvolvemento e ao fomento do turismo.

Imputaranse os gastos de construción, mellora, conservación e funcionamento de establecementos hoteleiros, cámpings, oficinas de turismo, edición de folletos, carteis e libros e campañas publicitarias. Recóllense tamén as transferencias que se conceden a outras entidades públicas ou privadas, con destino ao cumprimento destes fins.

Por último, incluiranse nesta política de gasto os destinados ao desenvolvemento das pequenas e medianas empresas.

Tipifícanse cinco grupos de programas:

430. Administración xeral de comercio, turismo e pequenas e medianas empresas.

431. Comercio.

432. Ordenación e promoción turística.

433. Desenvolvemento empresarial.

439. Outras actuacións sectoriais.

Política de gasto 44. *Transporte público.*

Incluiranse os gastos a cargo das entidades locais destinados ao mantemento, desenvolvemento e financiamento do servizo de transporte público.

Os gastos incluídos no grupo de programas de administración xeral corresponderán a actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.

Aplicaranse a esta política de gastos todos os de investimento destinados á adquisición de medios de transporte, e á creación, mellora e mantemento de infraestruturas, como estacións de autobuses, portos, aeroportos e outras de natureza análoga.

Tipifícanse tres grupos de programas:

440. Administración xeral do transporte.

441. Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte.

442. Infraestruturas do transporte.

Política de gasto 45. *Infraestruturas.*

Comprende os gastos de toda índole tendentes á creación, mellora e mantemento das infraestruturas básicas non incluídas en políticas de gasto anteriores.

Os gastos incluídos no grupo de programas de administración xeral corresponderán a actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.

Aplicaranse a esta política de gasto todos os de investimento destinados á construción e mellora de estradas e camiños veciñais a cargo da entidade local e outros gastos complementarios dos anteriores, como pontes, viadu-

tos, sinalización ou balizamento, así como gastos relativos a estudos e servizos de asistencia técnica que resulten necesarios. En canto a recursos hidráulicos inclúense gastos en obras de captación, acumulación e canalización ata o inicio da rede de distribución urbana e outros de similar natureza.

Tipifícanse cinco grupos de programas, distinguíndose aqueles que teñen por finalidade a cobertura de gastos xerais de administración asociados directamente ás infraestruturas a que se refire a presente política de gasto:

- 450. Administración xeral de infraestruturas.
- 452. Recursos hidráulicos.
- 453. Estradas.
- 454. Camiños veciñais.
- 459. Outras infraestruturas.

Política de gasto 46. *Investigación, desenvolvemento e innovación.*

Comprende os gastos de administración, infraestruturas, funcionamento e apoio destinados á investigación básica e aplicada, mesmo as transferencias a outros axentes con esta finalidade.

Imputaranse a esta política de gasto os relativos a actividades dirixidas ao fomento dos coñecementos científicos puros e aqueles con obxectivos prácticos, específicos ou concretos e que non poidan aplicarse a ningunha outra política de gasto.

Tipifícanse dous grupos de programas:

- 462. Investigación e estudos relacionados cos servizos públicos.
- 463. Investigación científica, técnica e aplicada.

Política de gasto 49. *Outras actuacións de carácter económico.*

Comprende os gastos de xestión, funcionamento, apoio, subministración e promoción dos servizos de telecomunicacións, da sociedade da información, da xestión do coñecemento e outros de natureza análoga; medios de comunicación, produción e difusión de programas audiovisuais, administración electrónica, oficinas de atención e defensa ao consumidor; así como as transferencias a outros axentes para o cumprimento destes fins.

Tipifícanse tres grupos de programas:

- 491. Sociedade da información.
- 492. Xestión do coñecemento.
- 493. Oficinas de defensa do consumidor.

ÁREA DE GASTO 9

Actuacións de carácter xeral

Inclúense nesta área os gastos relativos a actividades que afecten, con carácter xeral, a entidade local, e que consistan no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo e de soporte lóxico e técnico a toda a organización.

Recollerá os gastos xerais da entidade que non poidan ser imputados nin aplicados directamente a outra área das previstas nesta clasificación por programas.

Inclúense nesta área as transferencias de carácter xeral que non poidan ser aplicadas a ningunha outra epígrafe desta clasificación por programas, xa que en caso contrario se imputarán na política de gasto específica que corresponda.

Política de gasto 91. *Órganos de goberno.*

Comprende os gastos relativos á constitución e ao funcionamento dos órganos de goberno da entidade local

e de representación deles. Inclúense, por tanto, as asignacións e indemnizacións do presidente e membros da corporación; secretarías particulares da presidencia; axudas de custo e gastos de viaxe e outros de natureza análoga. Tamén se imputarán a esta política de gasto os de material e os necesarios para a atención dos órganos de goberno.

Tipifícase un grupo de programas:

912. Órganos de goberno.

Política de gasto 92. *Servizos de carácter xeral.*

Comprende os gastos daqueles servizos que serven ou apoian todos os demais da entidade local.

Imputaranse, por tanto, a esta política de gasto os de oficina e dependencias xerais; información, publicacións, rexistro e relacións; desenvolvementos e soportes informáticos de carácter interno; coordinación e control xeral: arquivo, organización e métodos, racionalización e mecanización; administración de persoal; eleccións; atención e participación cidadá, parque móbil, con exclusión dos vehículos afectados a servizos determinados, que se imputarán á correspondente rúbrica, e gastos de asesoramento e defensa dos intereses da entidade.

Esta política de gasto integrará os derivados de actividades relacionadas coa elaboración de información básica de carácter xeral e series estatísticas sobre os distintos servizos da entidade local.

Imputaranse, así mesmo, os gastos referentes a gabinetes de estudo e información e documentación de carácter xeral.

Tipifícanse sete grupos de programas:

- 920. Administración xeral.
- 922. Coordinación e organización institucional das entidades locais.
- 923. Información básica e estatística.
- 924. Participación cidadá.
- 925. Atención aos cidadáns.
- 926. Comunicacións internas.
- 929. Imprevistos e funcións non clasificadas.

Política de gasto 93. *Administración financeira e tributaria.*

Esta política de gasto comprende todos os gastos correspondentes á administración financeira da entidade local.

Imputaranse os gastos xerais dos servizos de economía e facenda; planificación e orzamentos e fiscalidade; control interno e contabilidade e contas xerais; xestión da tesouraría; xestión do patrimonio, contabilidade patrimonial e rendición de contas; xestión, inspección e recadación de tributos, formación e actualización de padróns fiscais; órganos de resolución de reclamacións económico-administrativas e de defensa do contribuínte e outros gastos relacionados coa actividade económica e financeira da entidade.

Así mesmo, inclúense os gastos referentes á construción, mellora e conservación, incluída a adquisición de terreos, de edificios oficiais de uso múltiple.

Tipifícanse catro grupos de programas:

- 931. Política económica e fiscal.
- 932. Xestión do sistema tributario.
- 933. Xestión do patrimonio.
- 934. Xestión da débeda e da tesouraría.

Política de gasto 94. *Transferencias a outras administracións públicas.*

Imputaranse a esta política de gasto as transferencias xenéricas que ordene a entidade local cara ao Estado ou á

comunidade autónoma ou a favor doutros entes locais, como son as participacións en ingresos, cotas de mancomunidades ou consorcios e calquera outra de natureza similar. Distínguense, para estes efectos, as entidades locais territoriais (artigo 3.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) e o resto de entidades locais.

Tipifícanse catro grupos de programas en razón do seu axente receptor:

- 941. Transferencias a comunidades autónomas.
- 942. Transferencias a entidades locais territoriais.
- 943. Transferencias a outras entidades locais.
- 944. Transferencias á Administración xeral do Estado.

ÁREA DE GASTO 0

Débeda pública

Comprende os gastos de xuros e amortización da débeda pública e demais operacións financeiras de natureza análoga, con exclusión dos gastos que ocasione a súa formalización.

Imputaranse a esta área os gastos destinados a atender a carga financeira da entidade local, amortización e xuros, derivados das operacións de crédito contratadas. Os gastos de formalización dos correspondentes contratos levaranse á política de gasto 93, grupo de programas 934.

Tipifícase un só grupo de programas:

- 011. Débeda pública.

Clasificación por programas de gastos

Área de gasto (1)	Política de gasto (2)	Grupo de programas (3)	Denominación
1			SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS.
	13		Seguranza e mobilidade cidadá.
		130	Administración xeral da seguranza e protección civil.
		132	Seguranza e orde pública.
		133	Ordenación do tráfico e do estacionamento.
		134	Protección civil.
		135	Servizo de extinción de incendios.
	15		Vivenda e urbanismo.
		150	Administración xeral de vivenda e urbanismo.
		151	Urbanismo.
		152	Vivenda.
		153	Acceso á vivenda.
		154	Fomento da edificación protexida.
		155	Vías públicas.
	16		Benestar comunitario.
		161	Saneamento, abastecemento e distribución de augas.
		162	Recolla, eliminación e tratamento de residuos.
		163	Limpeza viaria.
		164	Cemiterio e servizos funerarios.
		165	Iluminación pública.
		169	Outros servizos de benestar comunitario.
	17		Ambiente.
		170	Administración xeral do ambiente.
		171	Parques e xardíns.
		172	Protección e mellora do ambiente.
		179	Outras actuacións relacionadas co ambiente.
2			ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL.
	21		Pensións.
		211	Pensións.
	22		Outras prestacións económicas a favor de empregados.
		221	Outras prestacións económicas a favor de empregados.
	23		Servizos sociais e promoción social.
		230	Administración xeral de servizos sociais.
		231	Acción social.
		232	Promoción social.
		233	Asistencia a persoas dependentes.
	24		Fomento do emprego.
		241	Fomento do emprego.

Área de gasto (1)	Política de gasto (2)	Grupo de programas (3)	Denominación
3			PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE.
	31		Sanidade.
		312	Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde.
		313	Accións públicas relativas á saúde.
	32		Educación.
		320	Administración xeral de educación.
		321	Educación preescolar e primaria.
		322	Educación secundaria.
		323	Promoción educativa.
		324	Servizos complementarios de educación.
	33		Cultura.
		330	Administración xeral de cultura.
		332	Bibliotecas e arquivos.
		333	Museos e artes plásticas.
		334	Promoción cultural.
		335	Artes escénicas.
		336	Arqueoloxía e protección do patrimonio histórico-artístico.
		337	Ocio e tempo libre.
		338	Festas populares e festexos.
	34		Deporte.
		340	Administración xeral de deportes.
		341	Promoción e fomento do deporte.
		342	Instalacións deportivas.
4			ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO.
	41		Agricultura, gandaría e pesca.
		410	Administración xeral de agricultura, gandaría e pesca.
		412	Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.
		414	Desenvolvemento rural.
		415	Protección e desenvolvemento dos recursos pesqueiros.
		419	Outras actuacións en agricultura, gandaría e pesca.
	42		Industria e enerxía.
		420	Administración xeral de industria e enerxía.
		422	Industria.
		423	Minaría.
		425	Enerxía.
	43		Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas.
		430	Administración xeral de comercio, turismo e pequenas e medianas empresas.
		431	Comercio.
		432	Ordenación e promoción turística.
		433	Desenvolvemento empresarial.
		439	Outras actuacións sectoriais.
	44		Transporte público.
		440	Administración xeral do transporte.
		441	Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte.
		442	Infraestruturas do transporte.
	45		Infraestruturas.
		450	Administración xeral de infraestruturas.
		452	Recursos hidráulicos.
		453	Estradas.
		454	Camiños veciñais.
		459	Outras infraestruturas.
	46		Investigación, desenvolvemento e innovación.
		462	Investigación e estudos relacionados cos servizos públicos.
		463	Investigación científica, técnica e aplicada.

Área de gasto (1)	Política de gasto (2)	Grupo de programas (3)	Denominación		
9	49		Outras actuacións de carácter económico.		
		491	Sociedade da información.		
		492	Xestión do coñecemento.		
		493	Oficinas de defensa do consumidor.		
	91			ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL.	
				Órganos de goberno.	
		912		Órganos de goberno.	
		92			Servizos de carácter xeral.
			920		Administración xeral.
			922		Coordinación e organización institucional das entidades locais.
			923		Información básica e estatística.
			924		Participación cidadá
			925		Atención aos cidadáns.
			926		Comunicacións internas.
			929		Imprevistos e funcións non clasificadas.
		93			Administración financeira e tributaria.
			931		Política económica e fiscal.
			932		Xestión do sistema tributario.
			933		Xestión do patrimonio.
			934		Xestión da débeda e da tesouraría.
		94			Transferencias a outras administracións públicas.
941			Transferencias a comunidades autónomas.		
942			Transferencias a entidades locais territoriais.		
943			Transferencias a outras entidades locais.		
0	01		Transferencias á Administración xeral do Estado.		
			DÉBEDA PÚBLICA.		
			Débeda pública.		
		011		Débeda pública.	

(1) Antes (na OM do 20 de setembro de 1989) grupo de función.

(2) Antes (na OM do 20 de setembro de 1989) función.

(3) Antes (na OM do 20 de setembro de 1989) subfunción.

ANEXO II

Táboa de equivalencias da clasificación por programas recollida nesta orde ministerial en relación coa clasificación funcional aprobada pola Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989

Código orzamentario segundo esta orde ministerial	Denominación	Código orzamentario segundo a Orde do 20 de setembro de 1989
1	<i>Servizos públicos básicos</i>	
13	Seguranza e mobilidade cidadá	22
130	Administración xeral da seguranza e protección civil	222/223
132	Seguranza e orde pública	222
133	Ordenación do tráfico e do estacionamento	222
134	Protección civil	223
135	Servizo de extinción de incendios	223
15	Vivenda e urbanismo	43
150	Administración xeral de vivenda e urbanismo	431/432/511
151	Urbanismo	432
152	Vivenda	431
153	Acceso á vivenda	431
154	Fomento da edificación protexida	431
155	Vías públicas	511
16	Benestar comunitario	43/44/46
161	Saneamento, abastecemento e distribución de augas	441

Código orzamentario segundo esta orde ministerial	Denominación	Código orzamentario segundo a Orde do 20 de setembro de 1989
162	Recolla, eliminación e tratamento de residuos	442
163	Limpeza viaria	442
164	Cemiterio e servizos funerarios	443
165	Iluminación pública	43
169	Outros servizos de benestar comunitario	44_/46_
17	Ambiente	43/44
170	Administración xeral do ambiente	43_/44_
171	Parques e xardíns	43_
172	Protección e mellora do ambiente	44_
179	Outras actuacións relacionadas co ambiente	44_
2	<i>Actuacións de protección e promoción social</i>	
21	Pensións	314
211	Pensións	314
22	Outras prestacións económicas a favor de empregados	31_
221	Outras prestacións económicas a favor de empregados	31_
23	Servizos sociais e promoción social	31/32/46
230	Administración xeral de servizos sociais	31_/32_/46_
231	Acción social	313
232	Promoción social	323
233	Asistencia a persoas dependentes	313/323
24	Fomento do emprego	322
241	Fomento do emprego	322
3	<i>Produción de bens públicos de carácter preferente</i>	
31	Sanidade	41
312	Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde	412
313	Accións públicas relativas á saúde	413
32	Educación	32/42
320	Administración xeral de educación	42_
321	Educación preescolar e primaria	422
322	Educación secundaria	422
323	Promoción educativa	321
324	Servizos complementarios de educación	422
33	Cultura	45
331	Administración xeral da cultura	451
332	Bibliotecas e arquivos	451
333	Museos e artes plásticas	451
334	Promoción cultural	451
335	Artes escénicas	451
336	Arqueoloxía e protección do patrimonio histórico-artístico	453
337	Ocio e tempo libre	452
338	Festas populares e festexos	451
34	Deporte	452
340	Administración xeral de deportes	452
341	Promoción e fomento do deporte	452
342	Instalacións deportivas	452
4	<i>Actuacións de carácter económico</i>	
41	Agricultura, gandería e pesca	71/53
410	Administración xeral de agricultura, gandería e pesca	531/533/711
412	Melloras das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos	531
414	Desenvolvemento rural	531/533
415	Protección e desenvolvemento dos recursos pesqueiros	531
419	Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca	711/531
42	Industria e enerxía	72/73/74
420	Administración xeral de industria e enerxía	721/731/741
422	Industria	721
423	Minaría	741
425	Enerxía	731
43	Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas	62/75
430	Administración xeral de comercio, turismo e pequenas e medianas empresas	62/44/75
431	Comercio	622/44
432	Ordenación e promoción turística	751
433	Desenvolvemento empresarial	622
439	Outras actuacións sectoriais	62/75
44	Transporte público	51

Código orzamentario segundo esta orde ministerial	Denominación	Código orzamentario segundo a Orde do 20 de setembro de 1989
440	Administración xeral do transporte	513
441	Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte	513
442	Infraestruturas do transporte	513
45	Infraestruturas	51
450	Administración xeral de infraestruturas	5
452	Recursos hidráulicos	512
453	Estradas	511
454	Camiños veciñais	511
459	Outras infraestruturas	513
46	Investigación, desenvolvemento e innovación	54
462	Investigación e estudos relacionados cos servizos públicos	541
463	Investigación científica, técnica e aplicada	541
49	Outras actuacións de carácter económico	44/45/52
491	Sociedade da información	521/451
492	Xestión do coñecemento	52
493	Oficinas de defensa ao consumidor	44_
9	<i>Actuacións de carácter xeral</i>	
91	Órganos de goberno	111
912	Órganos de goberno	111
92	Servizos de carácter xeral	12/46/55
920	Administración xeral	121/122
922	Coordinación e organización institucional das entidades locais	121
923	Información básica e estatística	551
924	Participación cidadá	463
925	Atención aos cidadáns	46_
926	Comunicacións internas	
929	Imprevistos e funcións non clasificadas	
93	Administración financeira e tributaria	43/61
931	Política económica e fiscal	611
932	Xestión do sistema tributario	611
933	Xestión do patrimonio	43_
934	Xestión da débeda e da tesouraría	611
94	Transferencias a outras administracións públicas	91
941	Transferencias a comunidades autónomas	911
942	Transferencias a entidades locais territoriais	911
943	Transferencias a outras entidades locais	911
944	Transferencias á Administración xeral do Estado	911
0	<i>Débeda pública</i>	0
01	Débeda pública	01
011	Débeda pública	011

ANEXO III

Códigos da clasificación económica dos gastos do orzamento das entidades locais e dos seus organismos autónomos

Distínguense as operacións non financeiras (capítulos de gasto 1 a 7) das financeiras (capítulos de gasto 8 e 9), subdividíndose as primeiras en operacións correntes (capítulos de gasto 1 a 4) e de capital (capítulos 6 e 7).

Este anexo desenvolve a estrutura da clasificación económica dos gastos das entidades locais e dos seus organismos autónomos, relacionando a continuación de cada capítulo, artigo e concepto as clases de gastos imputables a estes, co grao de detalle apropiado para cada un deles.

O código ten carácter pechado e obrigatorio nos seus niveis de capítulo e artigo. Polo que se refire a concepto, subconcepto e partida, considérase aberto, ben que nesta orde se tipifican e codifican algúns conceptos e subconceptos obrigatorios de utilización xeral, e cada entidade local poderá crear cantas epígrafes adicionais considere necesarias.

A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A.1 Operacións correntes

O orzamento de gastos clasifica nos seus capítulos 1 ao 4 os gastos por operacións correntes, separando os gastos de funcionamento dos servizos (persoal e gastos en bens correntes e servizos), os xuros e as transferencias correntes.

Os gastos aplicables a cada capítulo, artigo e concepto describíense neste anexo, tendo en conta que, pola súa vez, se poden desagregar os conceptos en subconceptos e partidas, segundo sexa conveniente para a mellor xestión dos programas a cargo da entidade local e para a axeitada administración e contabilización dos créditos.

CAPÍTULO 1

Gastos de persoal

Aplicaranse a este capítulo os gastos seguintes:

Todo tipo de retribucións fixas e variables e indemnizacións, en diñeiro e en especie, que vaian satisfacer as

entidades locais e os seus organismos autónomos ao persoal que preste os seus servizos nelas.

Cotizacións obrigatorias das entidades locais e dos seus organismos autónomos aos distintos réximes de Seguridade Social do persoal ao seu servizo.

Prestacións sociais, que comprenden toda clase de pensións e as remuneracións que se vaian conceder en razón das cargas familiares.

Gastos de natureza social realizados, en cumprimento de acordos e disposicións vixentes, polas entidades locais e polos seus organismos autónomos para o seu persoal.

Artigo 10. *Órganos de goberno e persoal directivo.*

Comprende os seguintes conceptos retributivos dos membros dos órganos de goberno, así como o persoal directivo:

Concepto 100. Retribucións básicas e outras remuneracións dos membros dos órganos de goberno.

Concepto 101. Retribucións básicas e outras remuneracións do persoal directivo.

Os conceptos anteriores comprenden todas as remuneracións que se satisfagan aos membros dos órganos de goberno e directivos por calquera concepto. En cada un deles distínguense dous subconceptos, atendendo ao carácter básico ou complementario das retribucións:

Subconcepto 100.00 / 101.00. Retribucións básicas.

Subconcepto 100.01 / 101.01. Outras remuneracións.

Concepto 107. Contribucións a plans e fondos de pensións.

Achegas da entidade local a plans e fondos de pensións cuxos beneficiarios sexan membros dos órganos de goberno e persoal directivo. Distínguense dous subconceptos atendendo a esta diferenciación:

Subconcepto 107.00. Dos membros dos órganos de goberno.

Subconcepto 107.01. Do persoal directivo.

Artigo 11. *Persoal eventual.*

Comprende as retribucións básicas e outras remuneracións do persoal eventual nomeado polo órgano competente da entidade local, de acordo coas disposicións vixentes, e que cesa automaticamente cando o fai a autoridade que efectuou o nomeamento.

Concepto 110. Retribucións básicas e outras remuneracións de persoal eventual.

Con cargo a este concepto pagarase a totalidade das retribucións que correspondan a este persoal segundo a normativa vixente. Distínguense subconceptos segundo a natureza dos compoñentes das retribucións:

Subconcepto 110.00. Retribucións básicas.

Subconcepto 110.01. Retribucións complementarias.

Subconcepto 110.02. Outras remuneracións.

Concepto 117. Contribucións a plans e fondos de pensións.

Artigo 12. *Persoal funcionario.*

Imputaranse a este artigo os seguintes conceptos retributivos do persoal funcionario, incluído o que estea a realizar prácticas, dentro dun proceso selectivo:

Retribucións básicas.

Retribucións complementarias.

Retribucións en especie.

Concepto 120. Retribucións básicas.

Comprende:

Soldo.

Trienios.

Poderanse establecer subconceptos para distinguir entre soldo, trienios e outras retribucións básicas. Os soldos poderanse detallar conforme os grupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira establecido polo artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.

As pagas extraordinarias imputaranse aos subconceptos correspondentes a soldos e trienios.

En definitiva, recóllense os seguintes subconceptos:

Subconcepto 120.00. Soldos do grupo A1.

Subconcepto 120.01. Soldos do grupo A2.

Subconcepto 120.02. Soldos do grupo B.

Subconcepto 120.03. Soldos do grupo C1.

Subconcepto 120.04. Soldos do grupo C2.

Subconcepto 120.05. Soldos do grupo E.

Subconcepto 120.06. Trienios.

Subconcepto 120.09. Outras retribucións básicas.

Concepto 121. Retribucións complementarias.

Créditos destinados a satisfacer o complemento de destino, indemnización por residencia, complemento específico e complementos transitorios, así como calquera outro que se determine conforme o disposto no artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, agás os incentivos ao rendemento.

Establécense subconceptos correspondentes a cada un dos mencionados complementos:

Subconcepto 121.00. Complemento de destino.

Subconcepto 121.01. Complemento específico.

Subconcepto 121.03. Outros complementos.

Concepto 122. Retribucións en especie.

Créditos destinados a lles conceder a funcionarios determinadas retribucións en especie que teñan carácter persoal e non poidan ser considerados como gastos sociais dun conxunto de funcionarios (a título indicativo, billetes de medios de locomoción, indemnizacións por vestiario nos casos en que sexa procedente).

Concepto 124. Retribucións de funcionarios en prácticas.

Créditos destinados a satisfacer as retribucións dos funcionarios que non puideron tomar posesión do cargo por ser preceptivo o período de prácticas. Poderanse desagregar polos grupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira recollidos no concepto 120.

Concepto 127. Contribucións a plans e fondos de pensións.

Artigo 13. *Persoal laboral.*

Este artigo comprende retribucións e indemnizacións que se vaian satisfacer ao persoal laboral ao servizo das entidades locais e dos seus organismos autónomos en virtude dos convenios colectivos ou normas laborais que lles sexan aplicables.

Concepto 130. Laboral fixo.

Inclúe as seguintes remuneracións do persoal laboral fixo:

Subconcepto 130.00. Retribucións básicas.

Retribucións que teñan establecido este carácter nos respectivos convenios colectivos ou normas laborais de obrigado cumprimento.

Subconcepto 130.01. Horas extraordinarias.
Subconcepto 130.02. Outras remuneracións.

Comprende todas aquelas retribucións que deban satisfacerse ao persoal laboral fixo, segundo a normativa que lle sexa aplicable, non incluídas no subconcepto anterior.

Non se incluírán neste concepto os créditos destinados a vestiario de persoal laboral ao que se lle impón o uso de uniformes durante o horario de servizo, nin as axudas de custo de viaxe e gastos de locomoción. Nestes casos, os créditos correspondentes débense incluír no capítulo 2, «Gastos en bens correntes e servizos».

Concepto 131. Laboral temporal.

Inclúense neste concepto as remuneracións que correspondan ao persoal laboral temporal, de acordo coa normativa que lle sexa aplicable.

Concepto 132. Retribucións en especie.

Concepto 137. Contribucións a plans e fondos de pensións.

Artigo 14. *Outro persoal.*

Retribucións do persoal que desenvolve tarefas esporádicas ou atípicas, e do persoal contratado de acordo coa lexislación vixente.

Este artigo non inclúe os créditos destinados a retribuír funcionarios interinos, que deban percibir os seus emolumentos con cargo a dotacións libres por vacantes non cubertas nas prazas do persoal funcionario de carreira.

Concepto 143. Outro persoal.

Imputaranse a este concepto as retribucións do persoal que non teñan cabida no resto dos conceptos deste capítulo.

Concepto 147. Contribucións a plans e fondos de pensións.

Artigo 15. *Incentivos ao rendemento.*

Comprende as retribucións destinadas a remunerar o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa no desempeño das funcións encomendadas.

Concepto 150. Produtividade.

Imputaranse os gastos destinados a retribuír o excepcional rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo.

Concepto 151. Gratificacións.

A este concepto imputaranse as retribucións de carácter excepcional recoñecidas por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que en ningún caso poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

Concepto 152. Outros incentivos ao rendemento.

Concepto 153. Complemento de dedicación especial.

Artigo 16. *Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador.*

Comprende as cotas dos seguros sociais, prestacións e outros gastos sociais a cargo do empregador.

Abriñanse, polo menos, os conceptos seguintes:

Concepto 160. Cotas sociais.

Achegas das entidades locais e dos organismos autónomos aos réximes da Seguridade Social e de previsión (mutualidades de funcionarios) do persoal ao seu servizo. Gastos médico-farmacéuticos do persoal, non cubertos polos réximes de previsión social e asumidos polas entidades locais.

Para tal efecto ábrese na estrutura os seguintes subconceptos:

Subconcepto 160.00. Seguridade Social.

Subconcepto 160.08. Asistencia médico-farmacéutica.

Subconcepto 160.09. Outras cotas.

Concepto 161. Prestacións sociais.

Complementos ou melloras de pensións que, consonte a normativa vixente, corresponda aboar á entidade local en favor das súas clases pasivas.

Pensións excepcionais outorgadas a título persoal, complemento familiar de pensionistas; outros gastos sociais de pensionistas.

Inclúe os subconceptos seguintes:

Subconcepto 161.03. Pensións excepcionais. Pensións aprobadas, a título individual, pola entidade local a favor de funcionarios, de persoal laboral ou de terceiros.

Subconcepto 161.04. Indemnizacións ao persoal laboral por xubilacións anticipadas.

Subconcepto 161.05. Pensións a cargo da entidade local. As que, de acordo coa normativa vixente, debe asumir a entidade local. Inclúe o complemento familiar de pensionistas.

Subconcepto 161.07. Asistencia médico-farmacéutica a pensionistas. A que proceda por precepto legal ou regulamentario.

Concepto 162. Gastos sociais do persoal.

Comprende:

Os servizos de acción social, tales como formativos, culturais, deportivos ou recreativos, gardarías, etc., e axudas para atencións extraordinarias persoais ou familiares; servizos de economatos, comedores e similares.

Transporte de persoal: gastos de traslado do persoal ao centro ou lugar de traballo e que non deban imputarse ao concepto 122, «Retribucións en especie», sempre que se estableza con carácter colectivo.

Seguros de accidente de vida ou responsabilidade civil que cubran as continxencias que se produzan con ocasión do desempeño, polo persoal ao servizo da entidade local ou dos seus organismos autónomos, de funcións en que concorran circunstancias que fagan necesaria a dita cobertura.

Establécense os subconceptos seguintes:

Subconcepto 162.00. Formación e perfeccionamento do persoal. Inclúe os gastos de formación e perfeccionamento do persoal que estea a prestar os seus servizos no propio centro, agás os honorarios que deba percibir o persoal ao servizo da Administración local por impartición de clases. Inclúe, entre outros, os libros adquiridos para a formación do persoal que se entreguen a este e as axudas de estudo que a entidade local sufrague aos seus propios empregados para que asistan a ciclos, conferencias, cursos e seminarios.

Subconcepto 162.01. Economatos e comedores. Inclúe a distribución de vales de comidas ao persoal.

Subconcepto 162.02. Transporte de persoal.

Subconcepto 162.04. Acción social.

Subconcepto 162.05. Seguros.

Subconcepto 162.09. Outros gastos sociais.

Concepto 164. Complemento familiar.

A remuneración complementaria que se conceda en razón das cargas familiares do persoal funcionario en activo.

CAPÍTULO 2

Gastos correntes en bens e servizos

Este capítulo comprende os gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio das actividades das entidades locais e dos seus organismos autónomos que non produzan un incremento do capital ou do patrimonio público.

Serán imputables aos créditos deste capítulo os gastos orixinados para a adquisición de bens que reúnan algunha das seguintes características:

- a) Ser bens funxibles.
- b) Ter unha duración previsiblemente inferior ao exercicio orzamentario.
- c) Non ser susceptibles de inclusión en inventario.
- d) Ser gastos que previsiblemente sexan reiterativos.

Ademais, aplicaranse a este capítulo os gastos de carácter inmaterial que poidan ter carácter reiterativo, non sexan susceptibles de amortización e non estean directamente relacionados coa realización dos investimentos.

Artigo 20. *Arrendamentos e canons.*

Gastos desta natureza polo aluguer de bens mobles e inmobles. Inclúe, entre outros, o arrendamento de terreos, edificios e locais, o aluguer de equipamentos informáticos e de transporte.

Concepto 200. Arrendamentos de terreos e bens naturais.

Gastos por arrendamento de soares, predios rústicos e outros.

Concepto 202. Arrendamentos de edificios e outras construcións.

Gastos derivados dos contratos de aluguer de edificios e outras construcións, entre os que se inclúen, a título indicativo, edificios para prestación de servizos, salas de espectáculos, museos ou almacéns, aínda que nos contratos correspondentes vaian incluídos servizos conexos (calefacción, refrixeración, auga, iluminación, seguros ou limpeza). Así mesmo, incluíranse os gastos de comunidade, así como o imposto sobre bens inmobles cando se estableza no contrato con cargo ao arrendatario.

Concepto 203. Arrendamentos de maquinaria, instalacións e utensilios.

Gastos desta natureza, incluídos os gastos de equipamento empregado na conservación e reparación de investimentos.

Concepto 204. Arrendamentos de material de transporte.

Gastos de aluguer de vehículos de todas clases utilizables para o transporte de persoas ou mercadorías.

Concepto 205. Arrendamentos de mobiliario e útiles.

Gastos de aluguer de mobiliario, equipamentos de oficina ou material.

Concepto 206. Arrendamentos de equipamentos para procesos de información.

Gastos derivados do aluguer de equipamentos informáticos, de transmisións de datos e outros especiais,

sistemas operativos, aplicacións de xestión de base de datos e calquera outra clase de equipamentos informáticos e de software.

Concepto 208. Arrendamentos doutro inmovilizado material.

Aluguer de inmovilizado diverso non incluído nos conceptos precedentes.

Concepto 209. Canons.

Cantidades satisfeitas periodicamente pola cesión dun ben, polo uso da propiedade industrial e pola utilización doutros bens de natureza material ou inmaterial.

Artigo 21. *Reparacións, mantemento e conservación.*

Imputaranse a este artigo os gastos de mantemento e conservación de infraestruturas, edificios e locais, maquinaria, material de transporte e outro inmovilizado material, desagregados nos mesmos conceptos indicados no artigo 20, «Arrendamentos». A título indicativo, inclúense os seguintes:

Gastos de conservación e reparación de infraestruturas e bens inmobles destinados ao uso xeral, xa sexan propios ou arrendados, podendo afectar, a modo de exemplo, vías públicas, iluminación pública, instalacións de semáforos e instalacións industriais.

Gastos de conservación e reparación do mobiliario.

Gastos por vixilancia, revisión, conservación e mantemento de máquinas e instalacións de oficinas.

Gastos de mantemento ou de carácter análogo que orixinen os equipamentos de proceso e transmisión de datos e informáticos e de instalacións telefónicas ou de control de emisións radioeléctricas.

Como norma xeral, as reparacións importantes que supoñan un incremento de capacidade, rendemento, eficiencia ou alongamento da vida útil do ben imputaranse ao capítulo 6, «Investimentos reais».

Por conceptos efectuarase a seguinte desagregación:

Concepto 210. Infraestruturas e bens naturais.

Concepto 212. Edificios e outras construcións.

Gastos de reparacións, mantemento e conservación de edificios administrativos e construcións da entidade local.

Concepto 213. Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios.

Gastos destinados a reparacións, mantemento e conservación de maquinaria, entendida esta como o conxunto de máquinas da entidade local, incluíndose os elementos de transporte interno destinados ao transporte de persoal, animais, materiais e mercadorías dentro de talleres ou instalacións análogas, sen saír ao exterior.

Así mesmo, incluíranse os gastos de reparacións, mantemento e conservación de instalacións técnicas da entidade local, entendidas como unidades complexas de uso especializado comprensivas de edificacións, maquinaria, elementos, incluídos os sistemas informáticos, que, aínda sendo separables por natureza, están unidos de forma definitiva para o seu funcionamento e están sometidos ao mesmo ritmo de amortización. Inclúense os recambios válidos exclusivamente para estas instalacións.

Por último, recolleranse neste concepto os gastos de reparacións, mantemento e conservación dos utensilios, definidos como conxunto de utensilios ou ferramentas que se poden utilizar coa maquinaria, incluídos os moldes e patróns.

Concepto 214. Elementos de transporte.

Gastos de reparacións, mantemento e conservación de vehículos da entidade local. Inclúense vehículos destinados ao transporte terrestre, marítimo ou aéreo de persoas, animais, materiais ou mercadorías, agás os que se deban recoller no concepto 213, «Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios».

Concepto 215. Mobiliario.

Gastos de reparacións, mantemento e conservación de mobiliario, material e equipamentos de oficina da entidade local, con excepción dos que deben figurar no concepto 216, «Equipamentos para procesos de información».

Concepto 216. Equipamentos para procesos de información.

Gastos de reparacións, mantemento e conservación de ordenadores e demais conxuntos electrónicos de comunicacións e de procesos de datos, da entidade local.

Concepto 219. Outro inmovilizado material.

Gastos de reparacións, mantemento e conservación doutros elementos non incluídos nos conceptos anteriores.

Artigo 22. *Material, subministracións e outros.*

Gastos correspondentes aos seguintes conceptos:

Concepto 220. Material de oficina.

Comprende, entre outros, os seguintes gastos:

Subconcepto 220.00. Ordinario non inventariable. Gastos ordinarios de material de oficina non inventariable.

Subconcepto 220.01. Prensa, revistas, libros e outras publicacións. Inclúe gastos de adquisicións de publicacións e revistas e outros similares, así como de libros cando non proceda a súa inclusión en inventario.

Subconcepto 220.02. Material informático non inventariable.

Gastos de material para o normal funcionamento de equipamentos informáticos, transmisión e outros, tales como adquisición de soportes físicos ou «paquetes de software».

Concepto 221. Subministracións.

Gastos de auga, gas, electricidade e outros servizos ou abastecementos que non sexan susceptibles de ser almacenados, para os que se establecen os seguintes subconceptos:

Subconcepto 221.00. Enerxía eléctrica.

Subconcepto 221.01. Auga.

Subconcepto 221.02. Gas.

Subconcepto 221.03. Combustibles e carburantes.

Impútanse aos subconceptos anteriores os gastos que respondan ás denominacións recollidas, sempre que non estean comprendidos no prezo dos alugueres.

Subconcepto 221.04. Vestiario. Vestiario e outras pezas con destino ao persoal cuxo labor o requira.

Subconcepto 221.05. Produtos alimenticios. Adquisición de produtos alimenticios para o seu consumo en relación coa prestación de servizos.

Subconcepto 221.06. Produtos farmacéuticos e material sanitario. Gastos de medicinas ou produtos de asistencia sanitaria cuxa aplicación non corresponda ao capítulo 1, «Gastos de persoal».

Subconcepto 221.10. Produtos de limpeza e aseo. Gastos de produtos de limpeza e aseo destinados ao seu uso nas dependencias e servizos municipais.

Subconcepto 221.11. Subministracións de repostos de maquinaria, utensilios e elementos de transportes.

Subconcepto 221.12. Subministracións de material electrónico e de telecomunicacións.

Subconcepto 221.13. Manutención de animais.

Subconcepto 221.99. Outras subministracións.

Concepto 222. Comunicacións.

Detallado en subconceptos, inclúe os gastos por servizos telefónicos, servizos postais e telegráficos, así como calquera outro tipo de comunicación.

Establécense, en consecuencia, os seguintes subconceptos:

Subconcepto 222.00. Servizos de telecomunicacións.

Subconcepto 222.01. Postais.

Subconcepto 222.02. Telegráficas.

Subconcepto 222.03. Informática.

Subconcepto 222.99. Outros gastos en comunicacións.

Concepto 223. Transportes.

Gastos de transportes de todo tipo, agás de persoal.

Concepto 224. Primas de seguros.

Gastos por seguros de vehículos, de bens inmoables, doutro inmovilizado e de calquera elemento material, calquera que sexa a natureza dos riscos obxecto de cobertura, agás os seguros de vida ou accidente do persoal, que se incluírán no capítulo 1, «Gastos de persoal», concepto 162, «Gastos sociais do persoal».

Concepto 225. Tributos.

Incluíranse neste concepto os gastos destinados a satisfacer taxas, contribucións e impostos, sexan estatais, autonómicos ou locais.

Establécense subconceptos atendendo ao suxeito activo da relación xurídico-tributaria:

Subconcepto 225.00. Tributos estatais.

Subconcepto 225.01. Tributos das comunidades autónomas.

Subconcepto 225.02. Tributos das entidades locais.

Concepto 226. Gastos diversos.

Incluíranse todos aqueles gastos de natureza corrente que non teñen cabida noutros conceptos do capítulo 2, «Gastos correntes en bens e servizos».

Desagregarase, entre outros, nos subconceptos seguintes:

Subconcepto 226.01. Atencións protocolarias e representativas.

Subconcepto 226.02. Publicidade e propaganda. Gastos de divulgación, e calquera outro de propaganda e publicidade, conducente a informar a comunidade dos servizos da entidade local. As campañas de sensibilización e concienciación cidadá que sexan susceptibles de producir efectos en varios exercicios imputaranse ao artigo 64.

Subconcepto 226.03. Publicación en diarios oficiais. Incluíranse os gastos derivados da publicación de anuncios nos boletíns oficiais: do Estado, da comunidade autónoma, da provincia, europeos, etc.

Subconcepto 226.04. Xurídicos, contenciosos. Incluíranse todos os gastos destinados á defensa xurídica e calquera de natureza análoga que sexa necesaria para salvagardar os bens e dereitos da entidade.

Subconcepto 226.06. Reunións, conferencias e cursos. Gastos de organización e desenvolvemento de conferencias, asembleas, congresos, grupos de traballo, seminarios e convencións e reunións análogas.

Subconcepto 226.07. Oposicións e probas selectivas.

Subconcepto 226.09. Actividades culturais e deportivas.

Subconcepto 226.99. Outros gastos diversos.

Concepto 227. Traballos realizados por outras empresas e profesionais.

Incluíranse aqueles gastos que correspondan a actividades que, sendo da competencia das entidades locais ou dos seus organismos autónomos, se executan mediante contratación con empresas externas ou profesionais independentes.

Subconcepto 227.00. Limpeza e aseo.

Subconcepto 227.01. Seguraza.

Subconcepto 227.02. Valoracións e peritaxes.

Subconcepto 227.04. Custodia, depósitos e almacenaxe.

Subconcepto 227.05. Procesos electorais.

Subconcepto 227.06. Estudos e traballos técnicos. Gastos de estudo, traballos técnicos, estatísticos ou doutro carácter que deriven de tarefas encomendadas a empresas especializadas, profesionais independentes ou expertos, que non sexan aplicados a plans, programas, anteprojectos e proxectos de investimento, caso en que figurarán no capítulo 6, «Investimentos reais».

Tamén se incluírán neste subconcepto a dotación de premios de investigación e estudo de concursos de ideas, de traballos, publicacións, edicións, exposicións e participacións de carácter cultural, artístico, científico, técnico, xurídico e económico, relacionados coa actividade da entidade local ou dos seus organismos autónomos. Cando sexan susceptibles de aplicación a plans, programas, anteprojectos e proxectos de investimento, figurarán no capítulo 6, «Investimentos reais».

Subconcepto 227.08. Servizos de recadación a favor da entidade. Gastos derivados da recadación dos dereitos económicos da entidade local ou dos seus organismos autónomos cando aquela a efectúen outras entidades locais ou entes públicos dependentes doutras administracións públicas, así como os gastos derivados dos contratos que, nesta materia, se subscriban con entidades colaboradoras.

Subconcepto 227.99. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. Inclúense gastos orixinaados por traballos realizados por outras empresas non mencionados nos subconceptos anteriores.

Artigo 23. *Indemnizacións por razón do servizo.*

As indemnizacións que, para resarcir gastos derivados de comisións de servizo e de acordo coa lexislación vixente, deban satisfacerse a membros dos órganos de goberno, funcionarios, persoal laboral, eventual e contratado.

Imputaranse a este concepto as indemnizacións regulamentarias por asistencia a tribunais e órganos colexiados e, en xeral, por concorrencia persoal a reunións, consellos ou comisións.

Abriranse os seguintes conceptos:

Concepto 230. Axudas de custo.

Establécense os seguintes subconceptos atendendo ao persoal da entidade local:

Subconcepto 230.00. Dos membros dos órganos de goberno.

Subconcepto 230.10. Do persoal directivo.

Subconcepto 230.20. Do persoal non directivo.

Concepto 231. Locomoción.

Gastos de viaxe dos membros dos órganos de goberno, así como do persoal que preste servizos na entidade local, con independencia do seu posto de traballo.

Establécense os seguintes subconceptos atendendo ao persoal da entidade local:

Subconcepto 231.00. Dos membros dos órganos de goberno.

Subconcepto 231.10. Do persoal directivo.

Subconcepto 231.20. Do persoal non directivo.

Concepto 233. Outras indemnizacións.

Artigo 24. *Gastos de publicacións.*

Concepto 240. Gastos de edición e distribución.

Gastos en publicacións institucionais tales como orzamentos, ordenanzas, memorias e análogas.

No caso de que a actividade de edición se faga con medios propios, os diferentes gastos imputaranse aos conceptos económicos correspondentes.

Artigo 25. *Traballos realizados por administracións públicas e outras entidades públicas.*

Artigo 26. *Traballos realizados por institucións sen fins de lucro.*

Artigo 27. *Gastos imprevistos e funcións non clasificadas.*

CAPÍTULO 3

Gastos financeiros

Este capítulo comprende os xuros, incluídos os implícitos, e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras e de débedas contraídas ou asumidas pola entidade local ou polos seus organismos autónomos, así como os gastos de emisión ou formalización, modificación e cancelación delas, diferenzas de troco e outros rendementos implícitos.

Os gastos desta natureza, especificados en artigos e conceptos, inclúen:

Artigo 30. *De débeda pública en euros.*

Xuros de todo tipo de débeda emitida ou asumida pola entidade local ou polos seus organismos autónomos en euros, así como os gastos derivados de calquera operación relacionada con estas, en particular os relativos a rendementos implícitos.

Concepto 300. Xuros.

Importes dos xuros, incluídos os implícitos, derivados de emisións de títulos de débeda pública nominados en euros, calquera que sexa o seu prazo de amortización.

Concepto 301. Gastos de emisión, modificación e cancelación.

Comisións e outros gastos producidos pola posta en circulación, modificación e cancelación de emisións de títulos de débeda pública nominados en euros.

Concepto 309. Outros gastos financeiros de débeda pública en euros.

Rendementos implícitos das débedas mencionadas neste artigo, agás os xuros implícitos de valores emitidos ao desconto, que se deben recoller no concepto 300.

Gastos de natureza financeira non recollidos nos conceptos anteriores.

Artigo 31. De préstamos e outras operacións financeiras en euros.

Xuros de todo tipo de préstamos contratados ou asumidos pola entidade local ou polos seus organismos autónomos en euros, así como os rendementos implícitos e gastos derivados de calquera operación relacionada con estes.

Concepto 310. Xuros.

Importes dos xuros correspondentes a préstamos recibidos e a outras operacións financeiras, pendentes de amortizar, nominados en euros, calquera que sexa o prazo e o modo en que se instrumenten os devanditos xuros.

Concepto 311. Gastos de formalización, modificación e cancelación.

Gastos necesarios para levar a efecto as operacións mencionadas na denominación do concepto. Comisións de apertura e mantemento de créditos e outros gastos financeiros referentes a préstamos e a outras operacións financeiras.

Concepto 319. Outros gastos financeiros de préstamos e outras operacións financeiras en euros.

Rendementos implícitos de préstamos en euros e gastos non recollidos nos conceptos anteriores.

Artigo 32. De débeda pública en moeda distinta do euro.

Xuros de todo tipo de débedas, emitidas ou asumidas pola entidade local ou polos seus organismos autónomos en moeda distinta do euro, así como os rendementos implícitos e diferenzas de troco, derivadas da cancelación da débeda, e gastos producidos por calquera operación relacionada con estas.

Concepto 320. Xuros.

Importes dos xuros, incluídos os implícitos, derivados de títulos de débeda pública emitida ou asumida pola entidade local ou polos seus organismos autónomos nominados en moeda distinta do euro, calquera que sexa o prazo de amortización.

Concepto 321. Gastos de emisión, modificación e cancelación.

Comisións e outros gastos producidos pola posta en circulación, modificación e cancelación de emisións de títulos de débeda pública nominados en moeda distinta do euro.

Concepto 322. Diferenzas de troco.

Perdas producidas por variacións no tipo de troco das débedas ata o momento da súa amortización e, se é o caso, entre esta e o momento do pagamento efectivo.

Concepto 329. Outros gastos financeiros de débeda pública en moeda distinta do euro.

Rendementos implícitos dos títulos de débeda a que se refire este artigo, con excepción dos xuros implícitos da débeda emitida ao desconto, que se deben recoller no concepto 320.

Gastos de natureza financeira non recollidos nos conceptos anteriores.

Artigo 33. De préstamos e outras operacións financeiras en moeda distinta do euro.

Recolle os xuros de todo tipo de préstamos contratados ou asumidos pola entidade local ou polos seus organismos autónomos en moeda distinta do euro, rende-

mentos implícitos e gastos producidos por calquera operación relacionada con eles e diferenza de troco derivada da súa cancelación.

Concepto 330. Xuros.

Importes dos xuros correspondentes a préstamos recibidos e a outras operacións financeiras, pendentes de amortizar, nominados en moeda distinta do euro, calquera que sexa o prazo e o modo en que se instrumenten os devanditos xuros.

Concepto 331. Gastos de formalización, modificación e cancelación.

Gastos necesarios para levar a efecto as operacións mencionadas na denominación do concepto. Comisións de apertura e mantemento de créditos e outros gastos financeiros referentes a préstamos e a outras operacións financeiras en moeda distinta do euro.

Concepto 332. Diferenzas de troco.

Perdas producidas por variacións no tipo de troco dos préstamos e outras operacións financeiras ata o momento da súa amortización e, se é o caso, entre esta e o momento do pagamento efectivo.

Concepto 339. Outros gastos financeiros de préstamos e outras operacións financeiras en moeda distinta do euro.

Rendementos implícitos de préstamos en moeda estranxeira e outros gastos de natureza financeira non recollidos nos conceptos anteriores.

Artigo 34. De depósitos, fianzas e outros.

Concepto 340. Xuros de depósitos.

Xuros legalmente establecidos que se deban pagar por depósitos realizados na tesouraría da entidade local ou dos seus organismos autónomos.

Concepto 341. Xuros de fianzas.

Xuros legalmente establecidos que se deban satisfacer por fianzas efectuadas na tesouraría da entidade local ou dos seus organismos autónomos.

Artigo 35. Xuros de demora e outros gastos financeiros.

Concepto 352. Xuros de demora.

Xuros de demora que haxa que pagar como consecuencia do incumprimento do pagamento de obrigas, nos prazos establecidos.

Concepto 353. Operacións de intercambio financeiro.

Incluíranse os gastos por xuros, ou por diferenza de xuros, ou por diferenzas de troco ou calquera outro de natureza financeira, derivados de operacións financeiras de cobertura e xestión do risco do tipo de xuro e do tipo de troco.

Concepto 357. Execución de avais.

Recollerase o importe dos gastos financeiros derivados da execución de avais prestados pola entidade local ou polos seus organismos autónomos.

Concepto 358. Xuros por operacións de arrendamento financeiro (leasing).

Recollerase o importe dos xuros incluídos nas cotas fixadas nos contratos de arrendamento financeiro correspondentes ao exercicio orzamentario.

Presúmese a natureza financeira da operación cando concorran algunha destas condicións:

que o prezo da opción de compra ou valor residual sexa inferior ao valor que terá o ben obxecto do contrato de leasing, ao termo deste;

que o prazo do contrato e a vida útil estimada do ben obxecto do contrato de leasing sexan equivalentes, ou que o valor actualizado das cotas, utilizando un tipo de xuro de mercado, sexa similar ao prezo de adquisición ao contado do inmovilizado.

No caso de que non concorran ningunha destas condicións, trataríase dunha operación de leasing operativo ou de arrendamento puro, e, por tanto, incluíriase no concepto que proceda, segundo a natureza do ben, do artigo 20, «Arrendamentos».

Concepto 359. Outros gastos financeiros.

Gastos desta natureza non incluídos nos anteriores conceptos, como son os gastos por transferencias bancarias, gastos de descontos ou diferenzas negativas de troco derivadas de pagamentos en moeda distinta do euro que non correspondan a operacións de endebedamento e outras comisións bancarias non incluídas noutros conceptos.

CAPÍTULO 4

Transferencias correntes

Comprende os créditos para achegas por parte da entidade local ou dos seus organismos autónomos, sen contrapartida directa dos axentes perceptores, e con destino a financiar operacións correntes.

Inclúense tamén as «subvencións en especie» de carácter corrente, referidas a bens ou servizos que adquira a entidade local ou os seus organismos autónomos para a súa entrega aos beneficiarios en concepto dunha subvención previamente concedida.

Imputarase atendendo ao seu destinatario.

Por subconceptos poderanse distinguir as transferencias de acordo coa administración pública ou co ente destinatario delas.

Artigo 40. *Á Administración xeral da entidade local.*

Este artigo só será aplicable nos orzamentos dos organismos autónomos da entidade local.

Artigo 41. *A organismos autónomos da entidade local.*

Transferencias correntes que a entidade local ou os seus organismos autónomos prevexan conceder a organismos autónomos.

Artigo 42. *Á Administración do Estado.*

Transferencias correntes que a entidade local ou os seus organismos autónomos prevexan conceder á Administración xeral do Estado, aos seus organismos autónomos, fundacións, entes públicos ou sociedades mercantís.

Concepto 420. Á Administración xeral do Estado.

Concepto 421. A organismos autónomos e axencias do Estado.

Establécense dous subconceptos:

Subconcepto 421.00. Ao Servizo Público de Emprego Estatal.

Subconcepto 421.10. A outros organismos autónomos.

Concepto 422. A fundacións estatais.

Concepto 423. A sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.

Establécense os seguintes subconceptos, atendendo ao obxecto das subvencións que se prevexan conceder:

Subconcepto 423.00. Subvencións para fomento do emprego.

Subconcepto 423.10. Subvencións para bonificacións de xuros e primas de seguros.

Subconcepto 423.20. Subvencións para reducir o prezo que deben pagar os consumidores.

Subconcepto 423.90. Outras subvencións a sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.

Artigo 43. *Á Seguridade Social.*

Transferencias correntes que a entidade local ou os seus organismos autónomos prevexan conceder a calquera dos entes que integran o sistema da Seguridade Social.

Artigo 44. *A entes públicos e sociedades mercantís da entidade local.*

Establécense os seguintes conceptos, atendendo á finalidade das subvencións que se prevexan conceder:

Concepto 440. Subvencións para fomento do emprego.

Concepto 441. Subvencións para bonificacións de xuros e primas de seguros.

Concepto 442. Subvencións para reducir o prezo que deben pagar os consumidores.

Concepto 449. Outras subvencións a entes públicos e sociedades mercantís da entidade local.

Artigo 45. *A comunidades autónomas.*

Concepto 450. Á Administración xeral das comunidades autónomas.

Concepto 451. A organismos autónomos e axencias das comunidades autónomas.

Concepto 452. A fundacións das comunidades autónomas.

Concepto 453. A sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas.

Establécense os seguintes subconceptos, atendendo á finalidade para a que se prevexa conceder as subvencións:

Subconcepto 453.00. Subvencións para fomento do emprego.

Subconcepto 453.10. Subvencións para bonificacións de xuros e primas de seguros.

Subconcepto 453.20. Subvencións para reducir o prezo que deben pagar os consumidores.

Subconcepto 453.90. Outras subvencións a sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas.

Artigo 46. *A entidades locais.*

Concepto 461. A deputacións, consellos ou cabidos insulares.

Concepto 462. A concellos.

Concepto 463. A mancomunidades.

Concepto 464. A áreas metropolitanas.

Concepto 465. A comarcas.

Concepto 466. A outras entidades que agrupen municipios.

Concepto 467. A consorcios.

Concepto 468. A entidades locais menores.

Artigo 47. A empresas privadas.

Establécense os seguintes conceptos, atendendo á finalidade para a que se prevexa conceder as subvencións:

Concepto 470. Subvencións para fomento do emprego.

Concepto 471. Subvencións para bonificacións de xuros e primas de seguros.

Concepto 472. Subvencións para reducir o prezo que deben pagar os consumidores.

Concepto 479. Outras subvencións a empresas privadas.

Artigo 48. A familias e institucións sen fins de lucro.

Transferencias para gastos correntes relacionados con atencións benéficas e asistenciais. Premios, bolsas de estudos e investigación. Subvencións a favor de fundacións, institucións, entidades benéficas ou deportivas e grupos políticos da entidade local.

Artigo 49. Ao exterior.

Transferencias para gastos correntes destinados á cooperación ao desenvolvemento e a axentes económicos situados fóra do territorio nacional, ou con estatuto de extraterritorialidade, ou cando se deban realizar en moeda distinta do euro.

A.2 Operacións de capital

Comprende os capítulos 6, «Investimentos reais», e 7, «Transferencias de capital», e describen os gastos en investimentos reais e en transferencias destinadas a financiar operacións de capital.

CAPÍTULO 6**Investimentos reais**

Este capítulo comprende os gastos en que incorran ou prevexan incorrer as entidades locais ou os seus organismos autónomos destinados á creación de infraestruturas e á creación ou adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento dos servizos e aqueloutros gastos que teñan carácter amortizable.

Serán imputables aos créditos deste capítulo os gastos orixinados pola adquisición de bens a que se refire o parágrafo anterior que reúnan algunha das seguintes características:

- a) Que non sexan bens funxibles.
- b) Que teñan unha duración previsiblemente superior ao exercicio orzamentario.
- c) Que sexan susceptibles de inclusión en inventario.
- d) Ser gastos que previsiblemente non sexan reiterativos.

En xeral serán imputables a este capítulo os gastos previstos nos anexos de investimentos reais que se unan aos orzamentos xerais das entidades locais.

Artigo 60. *Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.*

Inclúense neste artigo aqueles investimentos en infraestructura e bens destinados ao uso xeral que incrementen o stock de capital da entidade local ou dos seus organismos autónomos.

Concepto 600. Investimentos en terreos.

Adquisición de solo por parte da entidade local ou dos seus organismos autónomos.

Concepto 609. Outros investimentos novos en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.

Artigo 61. *Investimentos de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.*

Este artigo recollerá aqueles gastos de idéntica natureza aos do artigo anterior que sexan consecuencia da rehabilitación ou reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral, incluídas as operacións que supoñan un incremento de capacidade, rendemento, eficiencia ou ampliación da vida útil do ben.

Concepto 610. Investimentos en terreos.

Adecuación e remodelación de soares por parte da entidade local ou dos seus organismos autónomos.

Concepto 619. Outros investimentos de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.

Artigo 62. *Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos.*

Recollerá os gastos daqueles proxectos de investimento que incrementan o stock de capital da entidade local ou dos seus organismos autónomos destinados a posibilitar ou mellorar o funcionamento dos servizos públicos.

Concepto 621. Terreos e bens naturais.

Concepto 622. Edificios e outras construcións.

Gastos de investimento en edificios administrativos e construcións destinados ao funcionamento dos servizos públicos prestados pola entidade local.

Concepto 623. Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios.

Gastos destinados a investimento en maquinaria, entendida esta como o conxunto de máquinas utilizadas para o funcionamento operativo dos servizos públicos por parte da entidade local, incluíndose os elementos de transporte interno destinados ao transporte de persoal, animais, materiais e mercadorías dentro de talleres ou instalacións análogas, sen saír ao exterior.

Así mesmo, incluíranse os gastos de investimento en instalacións técnicas utilizadas para o funcionamento operativo dos servizos públicos, entendidas como unidades complexas de uso especializado comprensivas de edificacións, maquinaria, elementos, incluídos os sistemas informáticos, que, aínda sendo separables por natureza, están unidos de forma definitiva para o seu funcionamento e están sometidos ao mesmo ritmo de amortización. Inclúense os repostos ou recambios válidos exclusivamente para estas instalacións.

Por último, recolleranse neste concepto os gastos de investimento en utensilios utilizados para o funcionamento operativo dos servizos públicos, definidos como conxunto de utensilios ou ferramentas que se poden empregar coa maquinaria, incluídos os moldes e patróns.

Concepto 624. Elementos de transporte.

Gastos de investimento en vehículos utilizados para o funcionamento operativo dos servizos públicos. Inclúense vehículos destinados ao transporte terrestre, marítimo ou aéreo de persoas, animais, materiais ou mercadorías, agás os que se deban recoller no concepto 623, «Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios».

Concepto 625. Mobiliario.

Gastos de investimento en mobiliario, material e equipamentos de oficina utilizados para o funcionamento operativo dos servizos públicos, con excepción dos que deben figurar no concepto 626, «Equipamentos para procesos de información».

Concepto 626. Equipamentos para procesos de información.

Gastos de investimento en ordenadores e demais conxuntos electrónicos de comunicacións e de procesos de datos, utilizados para o funcionamento operativo dos servizos públicos.

Concepto 627. Proxectos complexos.

Gastos de investimento en proxectos que, comprendendo distintos elementos aplicables en principio aos conceptos anteriores, teñan tratamento unitario e estean destinados ao funcionamento operativo dos servizos públicos.

Concepto 629. Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos.

Gastos de investimento noutros elementos non incluídos nos conceptos anteriores e que se destinen ao funcionamento operativo dos servizos públicos.

Artigo 63. *Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos.*

Recollerá aqueles gastos de idéntica natureza aos do artigo 62, «Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos», que sexan consecuencia de rehabilitación ou de reposición, incluídos os que correspondan a reparacións importantes que supoñan un incremento de capacidade, rendemento, eficiencia ou alongamento da vida útil do ben.

As definicións dos elementos a que se refiren os diferentes conceptos incluídos neste artigo son idénticas ás recollidas no anterior artigo 62, «Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos».

Concepto 631. Terreos e bens naturais.

Concepto 632. Edificios e outras construcións.

Concepto 633. Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios.

Concepto 634. Elementos de transporte.

Concepto 635. Mobiliario.

Concepto 636. Equipamentos para procesos de información.

Concepto 637. Proxectos complexos.

Concepto 639. Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento operativo dos servizos.

Artigo 64. *Gastos en investimentos de carácter inmaterial.*

Gastos realizados nun exercicio, non materializados en activos, susceptibles de producir os seus efectos en varios exercicios futuros, campañas de promoción de turismo, feiras, exposicións, estudos e traballos técnicos, investigación e similares, así como aqueles investimentos en activos inmovilizados intanxibles, tales como concesións administrativas, propiedade industrial, obtención de patentes, marcas e propiedade intelectual, ou calquera outro desta natureza, relacionado coa actividade da entidade local ou dos seus organismos autónomos.

Inclúense os contratos de leasing cando se vaia exercer a opción de compra nos termos que a seguir se especifican.

Concepto 640. Gastos en investimentos de carácter inmaterial.

Concepto 641. Gastos en aplicacións informáticas.

Incluírase neste concepto o importe satisfeito pola propiedade ou polo dereito ao uso de programas informáticos, ou ben o custo de produción dos elaborados pola propia entidade local, cando estea prevista a súa utilización en varios exercicios.

Concepto 648. Cotas netas de xuros por operacións de arrendamento financeiro (leasing).

Recollerase o importe das cotas fixadas nos contratos de arrendamento financeiro cando se vaia exercer a opción de compra, correspondentes á recuperación do custo do ben e ao exercicio orzamentario. O resto, é dicir, os xuros, aplicarase ao concepto 358, «Xuros por operacións de arrendamento financeiro (leasing)».

Presúmese que existe vontade de exercer a opción de compra cando concorran algunha das condicións especificadas no mencionado concepto 358.

No caso de que non se dese ningunha destas condicións, trataríase dunha operación de leasing operativo ou de arrendamento puro, e, por tanto, incluíriase no concepto que proceda, segundo a natureza do ben, do artigo 20, «Arrendamentos».

Artigo 65. *Investimentos xestionados para outros entes públicos.*

Recollerá o conxunto de gastos efectivos relacionados cunha obra ou cun proxecto que, unha vez finalizados, deban ser transferidos a outros entes públicos, con independencia de que estes participen ou non no seu financiamento.

Inclúese un concepto:

Concepto 650. Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos.

Artigo 68. *Gastos en investimentos de bens patrimoniais.*

Recollerá os gastos daqueles proxectos de investimento que afecten os bens a que se refire o artigo 6 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado polo Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, é dicir, os que, sendo propiedade da entidade local, non estean destinados a uso público nin afectados a algún servizo público e poidan constituír fontes de ingresos para aquela.

Concepto 681. Terreos e bens naturais.

Gastos en adquisición, adecuación e urbanización de solo patrimonial.

Concepto 682. Edificios e outras construcións.

Gastos en adquisición e reforma de edificios e construcións de carácter patrimonial.

Concepto 689. Outros gastos en investimentos de bens patrimoniais.

Gastos na adquisición e reforma de bens patrimoniais non incluídos nos conceptos anteriores.

Artigo 69. *Investimentos en bens comunais.*

Comprenderá todos os gastos desta natureza tanto de novo investimento como de reposición, con exclusión dos relativos aos bens de uso xeral e servizo público e os bens de carácter patrimonial.

Concepto 690. Terreos e bens naturais.

Concepto 692. Investimento en infraestruturas.

CAPÍTULO 7

Transferencias de capital

Comprende os créditos para achegas por parte da entidade local ou dos seus organismos autónomos, sen contrapartida directa dos axentes beneficiarios e con destino a financiar operacións de capital.

Inclúense tamén as «subvencións en especie» de capital, referidas a bens que adquira a entidade local ou os seus organismos autónomos para a súa entrega aos beneficiarios en concepto dunha subvención previamente concedida, debendo imputarse ao artigo que corresponda segundo o seu destinatario.

No artigo ou concepto que corresponda, atendendo ao beneficiario das transferencias, incluíranse as achegas de capital non incluídas no artigo 87 da clasificación económica de gastos, é dicir, as que deriven da participación na propiedade doutras entidades públicas, sempre que as entidades locais e os seus organismos autónomos non reciban activos financeiros de valor igual que o pagamento que realicen e non existan expectativas de recuperación das achegas.

Por subconceptos poderanse distinguir as transferencias de acordo co ente beneficiario.

Artigo 70. Á Administración xeral da entidade local.

Este artigo só será aplicable nos orzamentos dos organismos autónomos da entidade local.

Artigo 71. A organismos autónomos da entidade local.

Transferencias de capital que a entidade local ou os seus organismos autónomos prevexan conceder a organismos autónomos.

Artigo 72. Á Administración do Estado.

Transferencias de capital que a entidade local ou os seus organismos autónomos prevexan conceder á Administración xeral do Estado, aos seus organismos autónomos, fundacións, entes públicos ou sociedades mercantís.

Concepto 720. Á Administración xeral do Estado.

Concepto 721. A organismos autónomos e axencias.

Establécense dous subconceptos:

Subconcepto 721.00. Ao Servizo Público de Emprego Estatal.

Subconcepto 721.09. A outros organismos autónomos.

Concepto 722. A fundacións estatais.

Concepto 723. A sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.

Artigo 73. Á Seguridade Social.

Transferencias de capital que a entidade local ou os seus organismos autónomos prevexan conceder a calquera dos entes que integran o sistema da Seguridade Social.

Artigo 74. A entes públicos e sociedades mercantís da entidade local.**Artigo 75. A comunidades autónomas.**

Concepto 750. Á Administración xeral das comunidades autónomas.

Concepto 751. A organismos autónomos e axencias das comunidades autónomas.

Concepto 752. A fundacións das comunidades autónomas.

Concepto 753. A sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas.

Artigo 76. A entidades locais.

Concepto 761. A deputacións, consellos ou cabidos.

Concepto 762. A concellos.

Concepto 763. A mancomunidades.

Concepto 764. A áreas metropolitanas.

Concepto 765. A comarcas.

Concepto 766. A entidades que agrupen municipios.

Concepto 767. A consorcios.

Concepto 768. A entidades locais menores.

Artigo 77. A empresas privadas.

Transferencias de capital que concedan ou prevexan conceder a entidade local ou os seus organismos autónomos.

Artigo 78. A familias e institucións sen fins de lucro.

Transferencias de capital que a entidade local ou os seus organismos autónomos concedan ou prevexan conceder a familias, fundacións, institucións ou entidades benéficas ou deportivas.

Artigo 79. Ao exterior.

Nestas incluíranse, entre outras, as transferencias de capital correspondentes a programas de cooperación ao desenvolvemento ou a axentes económicos situados fóra do territorio nacional, ou con estatuto de extraterritorialidade, ou cando se deban efectuar en moeda distinta do euro.

B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS

Os capítulos 8 e 9 reflicten as transaccións de débitos e créditos correspondentes a operacións financeiras tanto a curto (de prazo non superior a un ano) como a longo prazo (superior a un ano), poñendo de manifesto as variacións netas de activos financeiros (diferenza entre os capítulos 8 de gastos e ingresos) e as variacións netas de pasivos financeiros (diferenza entre os capítulos 9 de ingresos e gastos).

CAPÍTULO 8

Activos financeiros

Este capítulo recolle o gasto que realizan as entidades locais e os seus organismos autónomos na adquisición de activos financeiros, calquera que sexa a forma de instrumentación e o seu vencemento.

Os anticipos de soldos e salarios e demais préstamos ao persoal recolleranse nos conceptos 830, «Préstamos a curto prazo. Desenvolvemento por sectores», e 831, «Préstamos a longo prazo. Desenvolvemento por sectores», podéndose, se é o caso, crear un subconcepto específico.

Igualmente, este capítulo é o destinado a recoller a constitución de depósitos e fianzas que sexan exixidas ás entidades locais.

A clasificación dos activos financeiros poderase desenvolver por sectores, facendo uso dos subconceptos que procedan.

Artigo 80. *Adquisición de débeda do sector público.*

Adquisición de todo tipo de débeda do sector público, a curto (de vencemento non superior a un ano) e a longo prazo (de vencemento superior a un ano).

Concepto 800. Adquisición de débeda do sector público a curto prazo.

Adquisición de efectos, bonos e outros títulos emitidos polo sector público, con vencemento non superior a 12 meses. Distinguiranse, mediante subconceptos, os subsectores emisores correspondentes:

- Subconcepto 800.00. Ao Estado.
- Subconcepto 800.10. A comunidades autónomas.
- Subconcepto 800.20. A entidades locais.
- Subconcepto 800.90. A outros subsectores.

Concepto 801. Adquisición de débeda do sector público a longo prazo.

Compras de efectos, bonos e outros títulos emitidos polo sector público cun prazo de vencemento superior a 12 meses. Distinguiranse, mediante subconceptos, os subsectores emisores correspondentes:

- Subconcepto 801.00. Ao Estado.
- Subconcepto 801.10. A comunidades autónomas.
- Subconcepto 801.20. A entidades locais.
- Subconcepto 801.90. A outros subsectores.

Artigo 81. *Adquisición de obrigas e bonos fóra do sector público.*

Adquisición de obrigas e bonos, a curto (de vencemento non superior a un ano) e a longo prazo (de vencemento superior a un ano), documentada en títulos valores e cuxos emisores son axentes alleos ao sector público.

Concepto 810. Adquisición de obrigas e bonos fóra do sector público a curto prazo. Desenvolvemento por sectores.

Compra de efectos, bonos e outros títulos emitidos por entidades alleas ao sector público, cun vencemento non superior a 12 meses.

Concepto 811. Adquisición de obrigas e bonos fóra do sector público a longo prazo. Desenvolvemento por sectores.

Adquisición de efectos, bonos e outros títulos emitidos por entidades alleas ao sector público, cun vencemento superior a 12 meses.

Artigo 82. *Concesión de préstamos ao sector público.*

Préstamos e anticipos con ou sen xuro, con prazo de reembolso a curto (non superior a un ano) e a longo prazo (superior a un ano) concedidos ao sector público.

Concepto 820. Préstamos a curto prazo.

Anticipos e préstamos con ou sen xuro cuxo prazo de reembolso e cancelación non sexa superior a 12 meses. Distinguiranse mediante subconceptos os subsectores prestameiros:

- Subconcepto 820.00. Ao Estado
- Subconcepto 820.10. A comunidades autónomas.
- Subconcepto 820.20. A entidades locais.
- Subconcepto 820.90. A outros subsectores.

Concepto 821. Préstamos a longo prazo.

Anticipos e préstamos con ou sen xuro cuxo prazo de reembolso e cancelación sexa superior a 12 meses. Distinguiranse mediante subconceptos os subsectores prestameiros:

- Subconcepto 821.00. Ao Estado

- Subconcepto 821.10. A comunidades autónomas.
- Subconcepto 821.20. A entidades locais.
- Subconcepto 821.90. A outros subsectores.

Artigo 83. *Concesión de préstamos fóra do sector público.*

Préstamos concedidos fóra do sector público con ou sen xuro con prazo de reembolso a curto (non superior a un ano) e a longo prazo (superior a un ano).

Concepto 830. Préstamos a curto prazo. Desenvolvemento por sectores.

Anticipos e préstamos con ou sen xuro cuxo prazo de reembolso e cancelación non sexa superior a 12 meses.

Neste concepto inclúiranse, entre outros, os préstamos e anticipos concedidos pola entidade local e polos organismos autónomos ao seu persoal.

Concepto 831. Préstamos a longo prazo. Desenvolvemento por sectores.

Anticipos e préstamos con ou sen xuro concedidos pola entidade local cuxo prazo de reembolso e cancelación sexa superior a 12 meses.

Inclúiranse os anticipos e préstamos a longo prazo pola entidade local e polos organismos autónomos ao seu persoal.

Artigo 84. *Constitución de depósitos e fianzas.*

Entregas de fondos en concepto de depósitos ou fianzas realizadas pola entidade local e polos seus organismos autónomos na tesouraría ou caixas doutros axentes económicos.

Concepto 840. Depósitos.

Recolleranse as achegas de efectivo en concepto de depósitos irregulares. Establécense dous subconceptos atendendo ao prazo polo que se constitúan os depósitos: a longo prazo, cando o sexan por prazo superior a un ano, e a curto prazo, no caso contrario.

- Subconcepto 840.00. A curto prazo.
- Subconcepto 840.10. A longo prazo.

Concepto 841. Fianzas.

Recolleranse as achegas en efectivo realizadas como cumprimento dunha obriga. Establécense dous subconceptos atendendo ao prazo polo que se constitúan as fianzas: a longo prazo, cando o sexan por prazo superior a un ano, e a curto prazo, no caso contrario.

- Subconcepto 841.00. A curto prazo.
- Subconcepto 841.10. A longo prazo.

Artigo 85. *Adquisición de accións e participacións do sector público.*

Recollerase a compra de títulos representativos da propiedade do capital.

Concepto 850. Adquisición de accións e participacións do sector público.

Gastos correspondentes a adquisicións de accións e participacións en entes pertencentes ao sector público. Distinguirase, a nivel dos seguintes subconceptos, a finalidade das ditas compras:

Subconcepto 850.10. Adquisición de accións e participacións para compensar perdas.

Subconcepto 850.20. Adquisición de accións e participacións para financiar investimentos non rendibles.

Subconcepto 850.90. Resto de adquisicións de accións dentro do sector público.

Artigo 86. *Adquisición de accións e participacións fóra do sector público.*

Recollerase a compra de títulos representativos da propiedade de capital.

Concepto 860. Adquisición de accións e participacións fóra do sector público.

Gastos correspondentes a adquisicións de accións e participacións de entes non pertencentes ao sector público.

Distínguense os seguintes subconceptos:

Subconcepto 860.10. De empresas nacionais.

Subconcepto 860.20. De empresas da Unión Europea.

Subconcepto 860.90. Doutras empresas.

Artigo 87. *Achegas patrimoniais.*

Achegas desta natureza realizadas polas entidades locais ou polos seus organismos autónomos sempre que reciban, por igual valor, activos financeiros ou un aumento na participación do ente e existan expectativas de recuperación das achegas. Noutro caso, deberán considerarse como transferencias de capital.

Establécense os seguintes conceptos:

Concepto 870. Achegas a fundacións.

Concepto 871. Achegas a consorcios.

Concepto 872. Achegas a outros entes.

Distínguense os seguintes subconceptos:

Subconcepto 872.10. Achegas para compensar perdas.

Subconcepto 872.20. Achegas para financiar investimentos non rendibles.

Subconcepto 872.90. Resto de achegas.

CAPÍTULO 9

Pasivos financeiros

Este capítulo recolle o gasto que realizan as entidades locais e os seus organismos autónomos destinado á amortización de débedas, tanto en euros como en moeda distinta, calquera que sexa a forma en que se instrumentasen e con independencia de que o vencemento sexa a longo (por prazo superior a un ano) ou a curto prazo (non superior a un ano). Recollerase polo seu valor efectivo, aplicando os rendementos implícitos ao capítulo 3.

Así mesmo, este capítulo é o destinado para recoller as previsións para a devolución dos depósitos e fianzas que se constituísen a favor da entidade local e dos seus organismos autónomos.

A clasificación dos conceptos destes pasivos financeiros poderase desenvolver por subconceptos, atendendo aos sectores que procedan.

Artigo 90. *Amortización de débeda pública en euros.*

Cancelación de todo tipo de débeda en euros, a curto (con prazo de vencemento non superior a un ano) e a longo prazo (con vencemento superior a un ano), documentada en títulos valores, anotacións en conta ou calquera outro documento que formalmente a recoñeza, excluídos os préstamos.

Concepto 900. Amortización de débeda pública en euros a curto prazo.

Cancelación da débeda antes citada cuxo prazo de vencemento e extinción non sexa superior a 12 meses.

Concepto 901. Amortización de débeda pública en euros a longo prazo.

Cancelación da débeda mencionada no artigo cuxo prazo de vencemento e extinción sexa superior a 12 meses.

Artigo 91. *Amortización de préstamos e de operacións en euros.*

Cancelación de préstamos e operacións análogas en euros concertados ou asumidos polas entidades locais e polos seus organismos autónomos.

Concepto 910. Amortización de préstamos a curto prazo de entes do sector público.

Cancelación das operacións antes citadas cuxo prazo de vencemento non sexa superior a 12 meses.

Concepto 911. Amortización de préstamos a longo prazo de entes do sector público.

Cancelación das operacións citadas no artigo cando o prazo de vencemento sexa superior a 12 meses.

Concepto 912. Amortización de préstamos a curto prazo de entes de fóra do sector público.

Cancelación de préstamos en euros concertados ou asumidos polas entidades locais e polos seus organismos autónomos obtidos fóra do sector público cuxo prazo de vencemento non sexa superior a 12 meses.

Concepto 913. Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fóra do sector público.

Cancelación das débedas citadas no concepto 912 cando o prazo de vencemento sexa superior a 12 meses.

Artigo 92. *Amortización de débeda pública en moeda distinta do euro.*

Cancelación de débeda pública en moeda distinta do euro, emitida ou asumida polas entidades locais e polos seus organismos autónomos, excluídos préstamos.

Concepto 920. Amortización de débeda pública en moeda distinta do euro a curto prazo.

Cancelación de débedas emitidas ou asumidas polas entidades locais ou polos seus organismos autónomos en moeda distinta do euro cuxo vencemento e extinción non sexa superior a 12 meses.

Concepto 921. Amortización de débeda pública en moeda distinta do euro a longo prazo.

Cancelación de débedas emitidas ou asumidas polas entidades locais ou polos seus organismos autónomos en moeda distinta do euro cuxo vencemento e extinción sexa superior a 12 meses.

Artigo 93. *Amortización de préstamos en moeda distinta do euro.*

Cancelación de préstamos en moeda distinta do euro concertados ou asumidos polas entidades locais e polos seus organismos autónomos a curto (con prazo de vencemento non superior a un ano) e a longo prazo (con vencemento superior a un ano).

Concepto 930. Amortización de préstamos en moeda distinta do euro a curto prazo.

Cancelación de préstamos en moeda distinta do euro concertados ou asumidos polas entidades locais e polos seus organismos autónomos cuxo prazo de vencemento non sexa superior a 12 meses.

Concepto 931. Amortización de préstamos en moeda distinta do euro a longo prazo.

Cancelación de préstamos en moeda distinta do euro concertados ou asumidos polas entidades locais ou polos seus organismos autónomos cuxo prazo de vencemento sexa superior a 12 meses.

Artigo 94. *Devolución de depósitos e fianzas.*

Operacións de devolución de depósitos constituídos ou de fianzas ingresadas na tesouraría da entidade local ou dos seus organismos autónomos.

Concepto 940. Devolución de depósitos.

Concepto 941. Devolución de fianzas.

Clasificación económica de gastos

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación
1				GASTOS DE PERSOAL.
	10			Órganos de goberno e persoal directivo.
		100		Retribucións básicas e outras remuneracións dos membros dos órganos de goberno.
			100.00	Retribucións básicas.
			100.01	Outras remuneracións.
		101		Retribucións básicas e outras remuneracións do persoal directivo.
			101.00	Retribucións básicas.
			101.01	Outras remuneracións.
		107		Contribucións a plans e fondos de pensións.
			107.00	Dos membros dos órganos de goberno.
			107.01	Do persoal directivo.
	11			Persoal eventual.
		110		Retribucións básicas e outras remuneracións de persoal eventual.
			110.00	Retribucións básicas.
			110.01	Retribucións complementarias.
			110.02	Outras remuneracións.
		117		Contribucións a plans e fondos de pensións.
	12			Persoal funcionario.
		120		Retribucións básicas.
			120.00	Soldos do grupo A1.
			120.01	Soldos do grupo A2.
			120.02	Soldos do grupo B.
			120.03	Soldos do grupo C1.
			120.04	Soldos do grupo C2.
			120.05	Soldos do grupo E.
			120.06	Trienios.
			120.09	Outras retribucións básicas.
		121		Retribucións complementarias.
			121.00	Complemento de destino.
			121.01	Complemento específico.
			121.03	Outros complementos.
		122		Retribucións en especie.
		124		Retribucións de funcionarios en prácticas (mesma desagregación que 120).
		127		Contribucións a plans e fondos de pensións.
	13			Persoal laboral.
		130		Laboral fixo.
			130.00	Retribucións básicas.
			130.01	Horas extraordinarias
			130.02	Outras remuneracións.
		131		Laboral temporal.
		132		Retribucións en especie.
		137		Contribucións a plans e fondos de pensións.
	14			Outro persoal.
		143		Outro persoal.
		147		Contribucións a plans e fondos de pensións.
	15			Incentivos ao rendemento.
		150		Produtividade.
		151		Gratificacións.
		152		Outros incentivos ao rendemento.
		153		Complemento de dedicación especial.
	16			Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador.
		160		Cotas sociais.

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	
2	20	161	160.00	Seguridade Social.	
			160.08	Asistencia médico-farmacéutica.	
			160.09	Outras cotas.	
				Prestacións sociais.	
			161.03	Pensións excepcionais.	
			161.04	Indemnizacións ao persoal laboral por xubilacións anticipadas.	
			161.05	Pensións a cargo da entidade local.	
			161.07	Asistencia médico-farmacéutica a pensionistas.	
			162		Gastos sociais do persoal.
				162.00	Formación e perfeccionamento do persoal.
		162.01		Economatos e comedores.	
		162.02		Transporte de persoal.	
		162.04		Acción social.	
		162.05		Seguros.	
		162.09		Outros gastos sociais.	
		164			Complemento familiar.
					GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS.
		21	200		Arrendamentos e canons.
					Arrendamentos de terreos e bens naturais.
					Arrendamentos de edificios e outras construcións.
					Arrendamentos de maquinaria, instalacións e utensilios.
					Arrendamentos de material de transporte.
					Arrendamentos de mobiliario e útiles.
					Arrendamentos de equipamentos para procesos de información.
					Arrendamentos doutro inmovilizado material.
					Canons.
					Reparacións, mantemento e conservación.
		22	209		Infraestruturas e bens naturais.
					Edificios e outras construcións.
					Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios.
					Elementos de transporte.
					Mobiliario.
					Equipamentos para procesos de información.
					Outro inmovilizado material.
					Material, subministracións e outros.
					Material de oficina.
					Ordinario non inventariable.
		221	210	220.00	Prensa, revistas, libros e outras publicacións.
				220.01	Material informático non inventariable.
				220.02	Subministracións.
				221.00	Enerxía eléctrica.
221.01	Auga.				
221.02	Gas.				
221.03	Combustibles e carburantes.				
221.04	Vestiario.				
221.05	Produtos alimenticios.				
221.06	Produtos farmacéuticos e material sanitario.				
222	212	221.10	Produtos de limpeza e aseo.		
		221.11	Subministracións de repostos de maquinaria, utensilios e elementos de transporte.		
		221.12	Subministracións de material electrónico, eléctrico e de telecomunicacións.		
		221.13	Manutención de animais.		
		221.99	Outras subministracións.		
			Comunicacións.		
			Servizos de telecomunicacións.		
			Postais.		
			Telegráficas.		
			Informáticas.		
	Outros gastos en comunicacións.				
223		Transportes.			
224		Primas de seguros.			

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación		
3		225		Tributos.		
			225.00	Tributos estatais.		
			225.01	Tributos das comunidades autónomas.		
			225.02	Tributos das entidades locais.		
			226		Gastos diversos.	
				226.01	Atencións protocolarias e representativas.	
				226.02	Publicidade e propaganda.	
				226.03	Publicación en diarios oficiais.	
				226.04	Xurídicos, contenciosos.	
				226.06	Reunións, conferencias e cursos.	
				226.07	Oposicións e probas selectivas.	
				226.09	Actividades culturais e deportivas.	
				226.99	Outros gastos diversos.	
				227		Traballos realizados por outras empresas e profesionais.
					227.00	Limpeza e aseo.
					227.01	Seguranza.
					227.02	Valoracións e peritaxes.
					227.04	Custodia, depósito e almacenaxe.
					227.05	Procesos electorais.
					227.06	Estudos e traballos técnicos.
					227.08	Servizos de recadación a favor da entidade.
					227.99	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.
			23			Indemnizacións por razón do servizo.
				230		Axudas de custo.
					230.00	Dos membros dos órganos de goberno.
					230.10	Do persoal directivo.
					230.20	Do persoal non directivo.
				231		Locomoción.
					231.00	Dos membros dos órganos de goberno.
					231.10	Do persoal directivo.
					231.20	Do persoal non directivo.
				233		Outras indemnizacións.
			24			Gastos de publicacións.
				240		Gastos de edición e distribución.
			25			Traballos realizados por administracións públicas e outras entidades públicas.
	26			Traballos realizados por institucións sen fins de lucro.		
	27			Gastos imprevistos e funcións non clasificadas.		
				GASTOS FINANCEIROS.		
	30			De débeda pública en euros.		
		300		Xuros.		
		301		Gastos de emisión, modificación e cancelación.		
		309		Outros gastos financeiros de débeda pública en euros.		
	31			De préstamos e outras operacións financeiras en euros.		
		310		Xuros.		
		311		Gastos de formalización, modificación e cancelación.		
		319		Outros gastos financeiros de préstamos e outras operacións financeiras en euros.		
	32			De débeda pública en moeda distinta do euro.		
		320		Xuros.		
		321		Gastos de emisión, modificación e cancelación.		
		322		Diferenzas de troco.		
		329		Outros gastos financeiros de débeda pública en moeda distinta do euro.		
	33			De préstamos e outras operacións financeiras en moeda distinta do euro.		
		330		Xuros.		
		331		Gastos de formalización, modificación e cancelación.		
		332		Diferenzas de troco.		
		339		Outros gastos financeiros de préstamos e outras operacións financeiras en moeda distinta do euro.		
	34			De depósitos, fianzas e outros.		
		340		Xuros de depósitos.		
		341		Xuros de fianzas.		
	35			Xuros de demora e outros gastos financeiros.		

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación
4		352		Xuros de demora.
		353		Operacións de intercambio financeiro.
		357		Execución de avais.
		358		Xuros por operacións de arrendamento financeiro (leasing).
		359		Outros gastos financeiros.
				TRANSFERENCIAS CORRENTES.
		40		Á Administración xeral da entidade local.
		41		A organismos autónomos da entidade local.
		42		Á Administración do Estado.
			420	Á Administración xeral do Estado.
			421	A organismos autónomos e axencias estatais.
				421.00 Ao Servizo Público de Emprego Estatal.
				421.10 A outros organismos autónomos.
			422	A fundacións estatais.
			423	A sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.
				423.00 Subvencións para fomento do emprego.
				423.10 Subvencións para bonificación de xuros e primas de seguros.
				423.20 Subvencións para reducir o prezo que deben pagar os consumidores.
				423.90 Outras subvencións a sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.
		43		Á Seguridade Social.
		44		A entes públicos e sociedades mercantís da entidade local.
			440	Subvencións para fomento do emprego.
			441	Subvencións para bonificación de xuros e primas de seguros.
			442	Subvencións para reducir o prezo que deben pagar os consumidores.
			449	Outras subvencións a entes públicos e sociedades mercantís da entidade local.
		45		A comunidades autónomas.
			450	Á Administración xeral das comunidades autónomas.
			451	A organismos autónomos e axencias das comunidades autónomas.
			452	A fundacións das comunidades autónomas.
			453	A sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas.
				453.00 Subvencións para fomento do emprego.
				453.10 Subvencións para bonificación de xuros e primas de seguros.
				453.20 Subvencións para reducir o prezo que deben pagar os consumidores.
				453.90 Outras subvencións a sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas.
		46		A entidades locais.
			461	A deputacións, consellos ou cabidos insulares.
			462	A concellos.
			463	A mancomunidades.
			464	A áreas metropolitanas.
			465	A comarcas.
			466	A outras entidades que agrupen municipios.
			467	A consorcios.
		468	A entidades locais menores.	
	47		A empresas privadas.	
		470	Subvencións para fomento do emprego.	
		471	Subvencións para bonificación de xuros e primas de seguros.	
		472	Subvencións para reducir o prezo que deben pagar os consumidores.	
		479	Outras subvencións a empresas privadas.	
	48		A familias e institucións sen fins de lucro.	
	49		Ao exterior.	
6			INVESTIMENTOS REAIS.	
		60	Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	
		600	Investimentos en terreos.	
		609	Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	
	61		Investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	
		610	Investimentos en terreos.	

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación		
7	62	619		Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.		
				Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos.		
		621		Terreos e bens naturais.		
		622		Edifícios e outras construcións.		
		623		Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios.		
		624		Elementos de transporte.		
		625		Mobiliario.		
		626		Equipamentos para procesos de información.		
		627		Proxectos complexos.		
		629		Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos.		
		63				Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos.
			631			Terreos e bens naturais.
			632			Edifícios e outras construcións.
			633			Maquinaria, instalacións técnicas e utensilios.
			634			Elementos de transporte.
			635			Mobiliario.
			636			Equipamentos para procesos de información.
			637			Proxectos complexos.
			639			Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento operativo dos servizos.
	64					Gastos en investimentos de carácter inmaterial.
		640			Gastos en investimentos de carácter inmaterial.	
		641			Gastos en aplicacións informáticas.	
		648			Cotas netas de xuros por operacións de arrendamento financeiro (leasing).	
	65				Investimentos xestionados para outros entes públicos.	
		650			Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos.	
	68				Gastos en investimentos de bens patrimoniais.	
		681			Terreos e bens naturais.	
		682			Edifícios e outras construcións.	
	69				Outros gastos en investimentos de bens patrimoniais.	
					Investimentos en bens comunais.	
		690			Terreos e bens naturais.	
		692			Investimento en infraestruturas.	
					TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	
	70				Á Administración xeral da entidade local.	
	71				A organismos autónomos da entidade local.	
	72				Á Administración do Estado.	
		720			Á Administración xeral do Estado.	
				721.00	A organismos autónomos e axencias.	
				721.09	Ao Servizo Público de Emprego Estatal.	
					A outros organismos autónomos.	
				722	A fundacións estatais.	
				723	A sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.	
	73				Á Seguridade Social.	
	74				A entes públicos e sociedades mercantís da entidade local.	
	75				A comunidades autónomas.	
		750			Á Administración xeral das comunidades autónomas.	
				751	A organismos autónomos e axencias das comunidades autónomas.	
				752	A fundacións das comunidades autónomas.	
				753	A sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas.	
	76				A entidades locais.	
					A deputacións, consellos ou cabidos.	
		761			A concellos.	
		762			A mancomunidades.	
		763			A áreas metropolitanas.	
		764			A comarcas.	
		765			A entidades que agrupen municipios.	
		766			A consorcios.	
		767			A entidades locais menores.	
		768				

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	
8	77			A empresas privadas.	
	78			A familias e institucións sen fins de lucro.	
	79			Ao exterior.	
		80			ACTIVOS FINANCEIROS.
			800		Adquisición de débeda do sector público.
				800.00	Adquisición de débeda do sector público a curto prazo.
				800.10	Ao Estado.
				800.20	A comunidades autónomas.
				800.90	A entidades locais.
			801		A outros subsectores.
				801.00	Adquisición de débeda do sector público a longo prazo.
				801.10	Ao Estado.
				801.20	A comunidades autónomas.
				801.90	A entidades locais.
		81			A outros subsectores.
			810		Adquisición de obrigas e bonos fóra do sector público.
				811	Adquisición de obrigas e bonos fóra do sector público a curto prazo. Desenvolvemento por sectores.
				811	Adquisición de obrigas e bonos fóra do sector público a longo prazo. Desenvolvemento por sectores.
		82			Adquisición de obrigas e bonos fóra do sector público a longo prazo. Desenvolvemento por sectores.
			820		Concesión de préstamos ao sector público.
				820.00	Préstamos a curto prazo.
				820.10	Ao Estado.
				820.20	A comunidades autónomas.
				820.90	A entidades locais.
			821		A outros subsectores.
				821.00	Préstamos a longo prazo.
				821.10	Ao Estado.
				821.20	A comunidades autónomas.
				821.90	A entidades locais.
		83			A outros subsectores.
			830		Concesión de préstamos fóra do sector público.
			831		Préstamos a curto prazo. Desenvolvemento por sectores.
		84			Préstamos a longo prazo. Desenvolvemento por sectores.
		840		Constitución de depósitos e fianzas.	
			840.00	Depósitos.	
			840.10	A curto prazo.	
		841		A longo prazo.	
			841.00	Fianzas.	
			841.10	A curto prazo.	
	85			A longo prazo.	
		850		Adquisición de accións e participacións do sector público.	
			850.10	Adquisición de accións e participacións do sector público.	
			850.20	Adquisición de accións e participacións para compensar perdas.	
			850.90	Adquisición de accións e participacións para financiar investimentos non rendibles.	
	86			Resto de adquisicións de accións dentro do sector público.	
		860		Adquisición de accións e participacións fóra do sector público.	
			860.10	Adquisición de accións e participacións fóra do sector público.	
			860.20	De empresas nacionais.	
			860.90	De empresas da Unión Europea.	
	87			Doutras empresas.	
		870		Achegas patrimoniais.	
		871		Achegas a fundacións.	
		872		Achegas a consorcios.	
			872.10	Achegas a outros entes.	
			872.20	Achegas para compensar perdas.	
			872.90	Achegas para financiar investimentos non rendibles.	
				Resto de achegas.	
9	90			PASIVOS FINANCEIROS.	
				Amortización de débeda pública en euros.	

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación
		900		Amortización de débeda pública en euros a curto prazo.
		901		Amortización de débeda pública en euros a longo prazo.
	91			Amortización de préstamos e de operacións en euros.
		910		Amortización de préstamos a curto prazo de entes do sector público.
		911		Amortización de préstamos a longo prazo de entes do sector público.
		912		Amortización de préstamos a curto prazo de entes de fóra do sector público.
		913		Amortización de préstamos a longo prazo de entes de fóra do sector público.
	92			Amortización de débeda pública en moeda distinta do euro.
		920		Amortización de débeda pública en moeda distinta do euro a curto prazo.
		921		Amortización de débeda pública en moeda distinta do euro a longo prazo.
	93			Amortización de préstamos en moeda distinta do euro.
		930		Amortización de préstamos en moeda distinta do euro a curto prazo.
		931		Amortización de préstamos en moeda distinta do euro a longo prazo.
	94			Devolución de depósitos e fianzas.
		940		Devolución de depósitos.
		941		Devolución de fianzas.

ANEXO IV

Códigos da clasificación económica dos ingresos do orzamento das entidades locais e dos seus organismos autónomos

Distínguense as operacións non financeiras (capítulos 1 a 7) das financeiras (capítulos 8 e 9), subdividíndose as primeiras en operacións correntes (capítulos 1 a 5) e de capital (capítulos 6 e 7).

Este anexo desenvolve a estrutura da clasificación económica dos ingresos das entidades locais e dos seus organismos autónomos, relacionando a continuación de cada capítulo, artigo e concepto as clases de ingresos imputables a eles, co grao de detalle apropiado para cada un deles.

O código ten carácter pechado e obrigatorio nos seus niveis de capítulo e artigo. Polo que se refire a concepto, subconcepto e partida, considérase aberto, ben que nesta orde se tipifican e codifican algúns conceptos e subconceptos obrigatorios de xeral utilización, e cada entidade local poderá crear cantas epígrafes adicionais considere necesarias.

A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A.1 Operacións correntes

Comprende os capítulos 1 ao 5 inclusive do orzamento de ingresos, recollendo os tres primeiros capítulos os ingresos de natureza tributaria ou análoga, o capítulo 4 os ingresos por transferencias correntes e subvencións destinadas a financiar gastos correntes ou non destinadas a ningunha finalidade específica e o capítulo 5 os ingresos patrimoniais, derivados de depósitos, dividendos ou rendas de bens inmobles, así como, entre outros, o produto correspondente ao canon de concesións administrativas e as contraprestacións do dereito de superficie.

CAPÍTULO 1

Impostos directos

Neste capítulo incluíranse os recursos exixidos sen contraprestación cuxo feito imponible estea constituído por negocios, actos ou feitos de natureza xurídica ou económica que poñan de manifesto a capacidade contributiva do suxeito pasivo, como consecuencia da posesión dun patrimonio ou a obtención de renda.

Artigo 10. *Impostos sobre a renda.*

Recolle os ingresos que, se é o caso, poden derivar dos impostos sobre a renda das persoas físicas ou xurídicas.

Concepto 100. Imposto sobre a renda das persoas físicas.

Incluíranse os derivados da cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas a favor das entidades locais cando a Lei reguladora das facendas locais estableza o devandito recurso.

Concepto 101. Imposto sobre sociedades.

Concepto 102. Imposto sobre a renda de non-residentes.

Artigo 11. *Impostos sobre o capital.*

Recolle os ingresos derivados dos impostos que gravan a titularidade dun patrimonio ou incrementos de valor postos de manifesto pola transmisión de elementos integrantes daquel.

Concepto 110. Imposto sobre sucesións e doazóns.

Concepto 111. Imposto sobre patrimonio.

Concepto 112. Imposto sobre bens inmobles. Bens inmobles de natureza rústica.

Concepto 113. Imposto sobre bens inmobles. Bens inmobles de natureza urbana.

Concepto 114. Imposto sobre bens inmobles. Bens inmobles de características especiais.

Concepto 115. Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concepto 116. Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Concepto 117. Imposto sobre vivendas desocupadas.

Artigo 13. *Impostos sobre as actividades económicas.*

Inclúe os ingresos derivados do imposto cuxo feito imponible estea constituído polo exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, conforme o que, de ser o caso, dispoña a Lei reguladora das facendas locais.

Concepto 130. Imposto sobre actividades económicas.

Artigo 16. *Recargas sobre impostos directos do Estado e da comunidade autónoma.*

Recollerá as recargas que resulten exixibles sobre os impostos directos do Estado e das comunidades autónomas.

Concepto 160. Sobre impostos do Estado.

Concepto 161. Sobre impostos da comunidade autónoma.

Artigo 17. *Recargas sobre impostos directos doutros entes locais.*

Concepto 170. No imposto sobre bens inmobles.

Concepto 171. Recarga provincial no imposto sobre actividades económicas.

Concepto 179. Outras recargas sobre impostos directos doutros entes locais.

Artigo 18. *Impostos directos extinguidos.*

Inclúe o rendemento daqueles impostos locais directos que se supriman pola Lei reguladora das facendas locais.

As entidades locais poderán incluír no seu orzamento os recursos sinalados de forma conxunta, ou establecer un desenvolvemento por conceptos ou subconceptos, para recoller de forma individualizada o produto de cada un dos tributos que se extingan.

Artigo 19. *Outros impostos directos.*

CAPÍTULO 2

Impostos indirectos

Artigo 21. *Sobre o valor engadido.*

Recolle os ingresos que, se é o caso, poidan derivar do imposto sobre o valor engadido. Inclúense os que resulten da cesión deste imposto a favor das entidades locais cando a Lei reguladora das facendas locais estableza o dito recurso.

Concepto 210. Imposto sobre o valor engadido.

Artigo 22. *Imposto sobre consumos específicos.*

Recolle os ingresos que, se é o caso, poidan derivar dos impostos especiais sobre fabricación e consumos específicos. Inclúense os que resulten da cesión destes impostos cando a Lei reguladora das facendas locais estableza o dito recurso.

Concepto 220. Impostos especiais.

Defínense subconceptos correspondentes a cada un dos impostos especiais sobre fabricación e consumo específicos, polos que as entidades locais perciben ingresos.

Subconcepto 220.00. Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas.

Subconcepto 220.01. Imposto sobre a cervexa.

Subconcepto 220.02. Imposto sobre o viño e bebidas fermentadas.

Subconcepto 220.03. Imposto sobre os elaborados do tabaco.

Subconcepto 220.04. Imposto sobre hidrocarburos.

Subconcepto 220.05. Imposto sobre determinados medios de transporte.

Subconcepto 220.06. Imposto sobre produtos intermedios.

Subconcepto 220.07. Imposto sobre a enerxía.

Subconcepto 220.08. Imposto sobre vendas polo miúdo de hidrocarburos.

Subconcepto 220.09. Exacción sobre a gasolina.

Artigo 26. *Recargas sobre impostos indirectos do Estado e da comunidade autónoma.*

Recargas sobre impostos indirectos do Estado e das comunidades autónomas.

Concepto 260. Sobre impostos do Estado.

Concepto 261. Sobre impostos da comunidade autónoma.

Artigo 27. *Recargas sobre impostos indirectos doutros entes locais.*

Recargas sobre impostos indirectos cuxa exacción corresponda a outras entidades locais.

Concepto 270. Sobre impostos doutros entes locais.

Artigo 28. *Impostos indirectos extinguidos.*

Impostos indirectos locais que se supriman pola Lei reguladora das facendas locais, e recargas sobre impostos indirectos municipais, autonómicos ou estatais que se extingan. As entidades locais poderán incluír no seu orzamento os recursos sinalados de forma conxunta, ou establecer un desenvolvemento por conceptos ou subconceptos, para recoller de forma individualizada o produto de cada un dos tributos que se extingan.

Artigo 29. *Outros impostos indirectos.*

Recolle outros ingresos derivados da recadación de impostos indirectos en vigor, así como os derivados da recadación do imposto pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación e obra e dos arbitrios e impostos incluídos nos réximes fiscais especiais das illas Canarias, Ceuta e Melilla.

Concepto 290. Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Concepto 291. Imposto sobre gastos suntuarios (coutos de caza e pesca).

Concepto 292. Arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías en Canarias (AIEM).

Concepto 293. Imposto xeral indirecto canario (IXIC).

Concepto 294. Imposto sobre a produción, os servizos e a importación (IPSI) de Ceuta e Melilla.

Concepto 295. Imposto sobre primas de seguros.

Concepto 296. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Concepto 299. Outros impostos indirectos.

CAPÍTULO 3

Taxas, prezos públicos e outros ingresos

Artigo 30. *Taxas pola prestación de servizos públicos básicos.*

Ingresos derivados da prestación de servizos públicos básicos, entendendo por tales os incluídos na área de gasto 1 da clasificación por programas, afecten ou beneficien de modo particular o suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias seguintes:

Que os servizos non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. Estas non se considerarán voluntarias cando veñan impostas por disposicións legais ou regulamentarias ou cando os bens ou servizos

requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

Que os servizos non os preste o sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público, consonte a normativa vixente.

Concepto 300. Servizo de abastecemento de auga.

Concepto 301. Servizo de rede de sumidoiros.

Concepto 302. Servizo de recollida de lixo.

Concepto 303. Servizo de tratamento de residuos.

Concepto 304. Canon de saneamento.

Concepto 309. Outras taxas por prestación de servizos básicos.

Artigo 31. *Taxas pola prestación de servizos públicos de carácter social e preferente.*

Ingresos derivados da prestación de servizos públicos de carácter social e preferente, entendendo por tales os incluídos na área de gasto 2 e 3 da clasificación por programas, afecten ou beneficien de modo particular o suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias descritas no artigo anterior.

Concepto 310. Servizos hospitalarios.

Concepto 311. Servizos asistenciais.

Concepto 312. Servizos educativos.

Concepto 313. Servizos deportivos.

Concepto 319. Outras taxas por prestación de servizos de carácter preferente.

Artigo 32. *Taxas pola realización de actividades de competencia local.*

Taxas por realización de actividades administrativas en réxime de dereito público de competencia local.

Ingresos derivados da realización dunha actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refira, afecte ou beneficie de modo particular o suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias citadas en relación co anterior artigo 31, «Taxas por prestación de servizos».

Concepto 320. Licenzas de caza e pesca.

Concepto 321. Licenzas urbanísticas.

Concepto 322. Cédulas de habitabilidade e licenzas de primeira ocupación.

Concepto 323. Taxas por outros servizos urbanísticos.

Concepto 324. Taxas sobre o xogo.

Concepto 325. Taxa por expedición de documentos.

Concepto 326. Taxa por retirada de vehículos.

Concepto 329. Outras taxas pola realización de actividades de competencia local.

Artigo 33. *Taxas pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial do dominio público local.*

Ingresos percibidos como contraprestación á utilización privativa ou ao aproveitamento especial do dominio público local, no que se poderán distinguir en conceptos diferenciados, segundo as necesidades de información de cada entidade local, os ingresos relativos a:

Taxas por ocupación da vía pública.

Taxas por aproveitamento do solo.

Taxas por aproveitamento do subsolo.

Taxas por aproveitamento do voo.

Outros aproveitamentos especiais.

Concepto 330. Taxa de estacionamento de vehículos.

Concepto 331. Taxa por entrada de vehículos.

Concepto 332. Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial por empresas explotadoras de servizos de subministracións.

Concepto 333. Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial por empresas explotadoras de servizos de telecomunicacións.

Concepto 334. Taxa por apertura de calas e gabias.

Concepto 335. Taxa por ocupación da vía pública con terrazas.

Concepto 336. Taxa por ocupación da vía pública con suspensión temporal do tráfico rodado.

Concepto 337. Taxas por aproveitamento do voo.

Concepto 338. Compensación de Telefónica de España, S.A.

Concepto 339. Outras taxas por utilización privativa do dominio público.

Artigo 34. *Prezos públicos.*

Prezos públicos pola prestación de servizos ou pola realización de actividades da competencia local.

Ingresos percibidos como contraprestación dos servizos prestados polas entidades locais ou pola realización de actividades da súa competencia, sempre que non concorran as circunstancias exixidas para a súa inclusión no artigo 31, «Taxas por prestación de servizos».

Concepto 340. Servizos hospitalarios.

Concepto 341. Servizos asistenciais.

Concepto 342. Servizos educativos.

Concepto 343. Servizos deportivos.

Concepto 344. Entradas a museos, exposicións ou espectáculos.

Concepto 345. Servizo de transporte público urbano.

Concepto 349. Outros prezos públicos.

Artigo 35. *Contribucións especiais.*

Ingresos percibidos como contraprestación á obtención dun beneficio especial ou dun aumento de valor de determinados bens como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou da ampliación de servizos públicos de carácter local. Necesariamente en subconcepto débese detallar a obra ou o servizo de que deriven.

Concepto 350. Para a execución de obras.

Concepto 351. Para o establecemento ou a ampliación de servizos.

Artigo 36. *Vendas.*

Ingresos percibidos en transaccións con saída ou entrega material de bens, agás daqueles que formen parte do inmovilizado e non teñan a consideración de material desbotable. A título indicativo, recolleranse, entre outros, ingresos por vendas de efectos, impresos.

Artigo 38. *Reintegros de operacións correntes.*

Ingresos realizados na tesouraría da entidade local ou dos seus organismos autónomos, orixinados por reintegros de exercicios pechados (aqueles producidos en exercicio distinto a aquel en que se recoñeceu a obriga) por operacións correntes.

Os reintegros do orzamento corrente imputaranse ao propio orzamento de gastos con cargo ao que se recoñecesen as respectivas obrigas, minorando o importe destas, así como o dos pagamentos correspondentes.

Incluíranse os reintegros a favor da entidade local ou dos seus organismos autónomos de avais previamente executados.

Recóllense dous conceptos:

Concepto 380. Reintegro de avais.

Concepto 389. Outros reintegros de operacións correntes.

Artigo 39. *Outros ingresos.*

Recolle os ingresos que, sendo propios deste capítulo, non se incluíron nos artigos anteriores.

Concepto 391. Multas.

Ingresos derivados das sancións impostas por accións ou omisións debidamente tipificadas na lexislación vixente.

Defínense os tres subconceptos seguintes:

Subconcepto 391.00. Multas por infraccións urbanísticas.

Subconcepto 391.10. Multas por infraccións tributarias e análogas.

Subconcepto 391.20. Multas por infraccións da ordeanza de circulación.

Subconcepto 391.90. Outras multas e sancións.

As sancións correspondentes aos conceptos de ingresos recollidos nos capítulos 1, 2 e 3 que teñan a súa orixe na xestión de cada un deles, con carácter específico, aplicaranse ao subconcepto 391.10.

Concepto 392. Recargas do período executivo e por declaración extemporánea sen requirimento previo.

Ingresos derivados da falta de pagamento das débedas en período voluntario a través da recarga executiva, de constrinximento reducido e de constrinximento ordinario. Así mesmo, inclúense as recargas por declaración extemporánea sen requirimento previo.

Defínense os subconceptos seguintes:

Subconcepto 392.00. Recarga por declaración extemporánea sen requirimento previo.

Subconcepto 392.10. Recarga executiva.

Subconcepto 392.11. Recarga de constrinximento.

Concepto 393. Xuros de demora.

Ingresos derivados de xuros de demora polo tempo que medie entre o vencemento do prazo de ingreso en período voluntario e o ingreso efectivo da débeda que constitúa a obriga principal.

Os xuros de demora liquidados xunto co principal da débeda non se aplicarán a este concepto, senón ao concepto que corresponda.

Concepto 394. Prestación persoal.

Ingresos derivados da redención a metálico da prestación persoal.

Concepto 395. Prestación de transporte.

Ingresos derivados da redención a metálico da prestación de transporte.

Concepto 396. Ingresos por actuacións de urbanización.

Subconcepto 396.00. Canon de urbanización.

Ingresos derivados de actuacións urbanísticas, como consecuencia de achegas exixidas a través dunha norma con rango de lei das administracións públicas competentes aos peticionarios de licenzas ou propietarios dos terreos para implantar infraestruturas complementarias á urbanización que se desenvolva.

Subconcepto 396.10. Cotas de urbanización.

Ingresos derivados de actuacións urbanísticas, como consecuencia de achegas exixidas pola entidade local aos propietarios dos terreos para urbanizar co obxecto de financiar os gastos de urbanización.

Concepto 397. Aproveitamentos urbanísticos.

Subconcepto 397.00. Canon por aproveitamentos urbanísticos.

Ingresos procedentes do canon por aproveitamento urbanístico establecido a través dunha norma con rango de lei das administracións públicas competentes recibido por actuacións declaradas de interese comunitario en solo non urbanizable.

Subconcepto 397.10. Outros ingresos por aproveitamentos urbanísticos.

Ingresos derivados da substitución en metálico dos aproveitamentos urbanísticos correspondentes á entidade local distintos do canon incluído no subconcepto anterior.

Concepto 398. Indemnizacións de seguros de non vida.

Ingresos correspondentes a indemnizacións derivadas de contratos de seguros de non vida.

Concepto 399. Outros ingresos diversos.

Recolle os ingresos propios deste artigo, non incluídos nos conceptos anteriores.

Entre outros, atoparíanse os ingresos esporadicamente recibidos pola entidade local, procedentes de débedas orzamentarias ou extraorzamentarias, os ingresos derivados de expedientes de responsabilidade contable.

CAPÍTULO 4

Transferencias correntes

Ingresos de natureza non tributaria, percibidos polas entidades locais sen contraprestación directa por parte destas, destinados a financiar operacións correntes.

Por conceptos e subconceptos, diferenciaranse as transferencias en función dos axentes que as conceden. Así mesmo, diferenciaranse as que teñan carácter finalista.

Artigo 40. *Da Administración xeral da entidade local.*

Este artigo só será aplicable nos orzamentos dos organismos autónomos da entidade.

Artigo 41. *De organismos autónomos da entidade local.*

Transferencias correntes que as entidades locais e os seus organismos autónomos prevexan percibir de organismos autónomos das mesmas entidades.

Artigo 42. *Da Administración do Estado.*

Concepto 420. Da Administración xeral do Estado.

Incluíranse as transferencias a favor das entidades locais correspondentes á participación en tributos do Estado das entidades excluídas do modelo de cesión de impostos estatais, á participación no Fondo Complementario de Financiamento establecido pola Lei reguladora das facendas locais a favor das entidades locais incluídas no citado modelo de cesión.

Así mesmo, recolleranse os importes recoñecidos pola Administración xeral do Estado a favor das entidades locais en concepto de compensacións por beneficios fiscais en tributos locais concedidos por normas estatais con rango de lei.

En definitiva, establécense os seguintes subconceptos:

Subconcepto 420.00. Participación en tributos do Estado.

Subconcepto 420.10. Fondo Complementario de Financiamento.

Subconcepto 420.20. Compensación por beneficios fiscais.

Subconcepto 420.90. Outras transferencias correntes da Administración xeral do Estado.

Concepto 421. De organismos autónomos e axencias estatais.

Transferencias correntes procedentes de organismos autónomos do Estado. Distínguense os seguintes subconceptos:

Subconcepto 421.00. Do Servizo Público de Emprego Estatal.

Subconcepto 421.90. Doutras organismos autónomos e axencias.

Concepto 422. De fundacións estatais.

Transferencias correntes procedentes de fundacións estatais.

Concepto 423. De sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.

Transferencias correntes procedentes das entidades e sociedades citadas no literal. Distínguense dous subconceptos:

Subconcepto 423.00. De Lotarías e Apostas do Estado.

Subconcepto 423.90. Doutras sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e organismos públicos.

Artigo 43. *Da Seguridade Social.*

Transferencias correntes que as entidades locais e os seus organismos autónomos prevexan recibir de calquera dos entes que integran o sistema da Seguridade Social.

Artigo 44. *De entes públicos e sociedades mercantís da entidade local.*

Establécense dous conceptos atendendo á entidade da que proceden as transferencias correntes:

Concepto 440. De entes públicos.

Concepto 441. De sociedades mercantís.

Artigo 45. *De comunidades autónomas.*

Transferencias correntes que as entidades locais e os seus organismos autónomos prevexan recibir das comunidades autónomas.

Concepto 450. Da Administración xeral das comunidades autónomas.

Incluiranse, se é o caso, os importes da participación en tributos das comunidades autónomas e os que deriven de convenios subscritos con estas polas entidades locais para financiar as súas obrigas correntes.

Establécense os subconceptos:

Subconcepto 450.00. Participación nos tributos da comunidade autónoma.

Subconcepto 450.01. Outras transferencias incondicionadas.

Por materias, poderanse distinguir tantos subconceptos como convenios subscritos, tendo en conta a seguinte codificación:

Subconcepto 450.02. Transferencias correntes en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autó-

noma en materia de servizos sociais e políticas de igualdade.

Subconcepto 450.30. Transferencias correntes en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de educación.

Subconcepto 450.50. Transferencias correntes en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de emprego e desenvolvemento local.

Subconcepto 450.60. Outras transferencias correntes en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma.

Subconcepto 450.80. Outras subvencións correntes da Administración xeral da comunidade autónoma.

Concepto 451. De organismos autónomos e axencias das comunidades autónomas.

Concepto 452. De fundacións de comunidades autónomas.

Concepto 453. De sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas.

Artigo 46. *De entidades locais.*

Concepto 461. De deputacións, consellos ou cabidos.

Concepto 462. De concellos.

Concepto 463. De mancomunidades.

Concepto 464. De áreas metropolitanas.

Concepto 465. De comarcas.

Concepto 466. Doutras entidades que agrupen municipios.

Concepto 467. De consorcios.

Concepto 468. De entidades locais menores.

Artigo 47. *De empresas privadas.*

Artigo 48. *De familias e institucións sen fins de lucro.*

Artigo 49. *Do exterior.*

Recóllense, detallados, os ingresos por transferencias correntes recibidos das institucións da Unión Europea e, de forma conxunta, os procedentes, se é o caso, doutras institucións e organizacións internacionais, así como de axentes situados fóra do territorio nacional ou con estatuto de extraterritorialidade.

Establécense os seguintes conceptos:

Concepto 490. Do Fondo Social Europeo.

Concepto 491. Do Fondo de Desenvolvemento Rexional.

Concepto 492. Do Fondo de Cohesión.

Concepto 493. Do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga).

Concepto 494. Do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Concepto 495. Do FEOGA-Orientación.

Concepto 496. Do Fondo Europeo da Pesca (FEP).

Concepto 497. Outras transferencias da Unión Europea.

Concepto 499. Outras transferencias do exterior, excluindo a Unión Europea.

CAPÍTULO 5

Ingresos patrimoniais

Recolle os ingresos de natureza non tributaria procedentes de rendas da propiedade ou do patrimonio das entidades locais e dos seus organismos autónomos, así

como os derivados de actividades realizadas en réxime de dereito privado.

Artigo 50. *Xuros de títulos e valores.*

Comprende os ingresos por xuros derivados dos investimentos financeiros en títulos valores.

Por conceptos, diferenciaranse os xuros percibidos en función dos grupos de entidades ou suxeitos emisores dos títulos valores.

Concepto 500. Do Estado.

Concepto 501. De organismos autónomos e axencias.

Concepto 504. De sociedades estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.

Concepto 505. De comunidades autónomas.

Concepto 506. De entidades locais.

Concepto 507. De empresas privadas.

Artigo 51. *Xuros de anticipos e préstamos concedidos.*

Xuros de débeda non documentada en títulos valores, préstamos de todo tipo, anticipos ou pólizas de crédito.

Por conceptos, diferenciaranse os xuros percibidos en función dos grupos de entidades ou suxeitos debedores.

Concepto 511. De organismos autónomos e axencias.

Concepto 514. De sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.

Concepto 518. De familias e institucións sen ánimo de lucro.

Artigo 52. *Xuros de depósitos.*

Xuros que produzan os depósitos monetarios en bancos e caixas de aforro efectuados polas entidades locais.

Por conceptos, diferenciaranse os xuros percibidos en función das entidades ou suxeitos depositarios.

Artigo 53. *Dividendos e participación en beneficios.*

Recursos procedentes de dividendos e participacións en beneficios derivados de investimentos financeiros ou de dereitos legalmente establecidos.

Por conceptos, diferenciaranse os dividendos e participacións en beneficios percibidos en función das entidades e suxeitos participados pola entidade local.

Concepto 531. De organismos autónomos e axencias.

Concepto 534. De sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.

Incluiranse tanto os dividendos e participacións en beneficios de sociedades e entidades dependentes da entidade local como os correspondentes a sociedades e entidades en que a entidade local sexa un mero partícipe.

Para os efectos anteriores, entenderase que a sociedade ou entidade depende da entidade local cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

Que a entidade local, os seus entes dependentes, vinculados ou participados por ela, participen no seu capital social, directa ou indirectamente de forma maioritaria.

Que calquera órgano, organismo ou sociedade mercantil integrantes ou dependentes da entidade local ou participados por ela dispoña de dereitos de voto maioritarios na sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios desta última.

Que calquera órgano, organismo ou sociedade mercantil integrantes ou dependentes da entidade local ou participados por ela teña dereito a nomear ou a destituír a maioría dos membros dos órganos de goberno da socie-

dade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios desta última.

Que o administrador único ou algún dos membros do consello de administración da sociedade fosen designados na súa calidade de membros ou conselleiros pola entidade local, organismo ou sociedade mercantil dependentes da entidade local ou participados por esta.

En consecuencia, distinguíranse os seguintes subconceptos:

Subconcepto 534.00. Sociedades e entidades dependentes das entidades locais.

Subconcepto 534.10. Sociedades e entidades non dependentes das entidades locais.

Concepto 537. De empresas privadas.

Artigo 54. *Rendas de bens inmobles.*

Ingresos derivados do aproveitamento, uso ou gozo por terceiros dos bens inmobles patrimoniais.

Concepto 541. Arrendamentos de predios urbanos.

Ingresos derivados da cesión en aluguer de inmobles urbanos en xeral.

Concepto 542. Arrendamentos de predios rústicos.

Ingresos derivados do arrendamento de predios rústicos propiedade da entidade local.

Concepto 544. Censos.

Ingresos en concepto de pensións anuais e doutros dereitos económicos derivados de contratos de censos enfitéuticos, ou de calquera outra natureza, pola cesión do dominio útil de bens inmobles da entidade local, reservando esta para si o seu dominio directo.

Concepto 549. Outras rendas de bens inmobles.

Recolle os ingresos desta natureza non incluídos nos anteriores conceptos.

Artigo 55. *Produtos de concesións e aproveitamentos especiais.*

Ingresos obtidos de dereitos de investigación ou explotación outorgados polas entidades locais e, en xeral, os derivados de todo tipo de concesións e aproveitamentos especiais que estas poidan percibir, distinguíndose os que consistan nunha suma a tanto global dos que consistan nun canon periódico ou outra modalidade.

Concepto 550. De concesións administrativas con contraprestación periódica.

Ingresos desta natureza derivados de concesións administrativas. Incluirase o canon que, con carácter periódico, corresponda percibir dos concesionarios aos que a entidade local confíe a xestión dun servizo público, conservando a súa titularidade.

Concepto 551. De concesións administrativas con contraprestación non periódica.

Ingresos desta natureza derivados de concesións administrativas. Incluirase o canon que, por unha cantidade global ou con carácter non periódico, corresponda percibir dos concesionarios aos que a entidade local confíe a xestión dun servizo público, conservando a súa titularidade.

Concepto 552. Dereito de superficie con contraprestación periódica.

Incluirase o dereito económico ou o ingreso da contraprestación a favor da entidade local pola cesión de terreos da súa propiedade para o seu uso, con fins edifica-

torios, polo superficiario durante o tempo que establezan os plans ou convenios correspondentes, revertendo á entidade local os devanditos terreos e edificacións cando se produza a extinción do dereito.

A contraprestación que se inclúa neste concepto consistirá nun canon periódico.

Concepto 553. Dereito de superficie con contraprestación non periódica.

Incluírase o dereito económico ou o ingreso da contraprestación a favor da entidade local pola cesión de terreos da súa propiedade para o seu uso, con fins edificatorios, polo superficiario durante o tempo que establezan os plans ou convenios correspondentes, revertendo á entidade local os devanditos terreos e edificacións cando se produza a extinción do dereito.

A contraprestación citada terá carácter non periódico, podendo consistir nunha suma global, na adxudicación dos dereitos de propiedade ou de arrendamento de bens inmobles ou nunha combinación das anteriores.

Concepto 554. Aproveitamentos agrícolas e forestais.

Inclúe os ingresos desta natureza obtidos dos aproveitamentos agrícolas e forestais.

Recolle dous subconceptos:

Subconcepto 554.00. Produtos de explotacións forestais.

Subconcepto 554.10. Fondo de mellora de montes.

Concepto 555. Aproveitamentos especiais.

Inclúe os ingresos desta natureza obtidos de aproveitamentos especiais.

Concepto 559. Outras concesións e aproveitamentos.

Artigo 59. *Outros ingresos patrimoniais.*

Recolle todos aqueles ingresos desta natureza non comprendidos nos artigos anteriores.

Incluíranse os conceptos seguintes:

Concepto 591. Beneficios por realización de investimentos financeiros.

Recolle os beneficios derivados do alleamento de títulos e valores que integran os investimentos financeiros, incluíndose os ingresos derivados da venda de dereitos de subscripción.

Concepto 592. Ingresos por operacións de intercambio financeiro.

Incluíranse os ingresos por xuros a cobrar, ou por diferenza acreedora de xuros, ou por diferenzas positivas de tipo de troco ou calquera outro ingreso de natureza financeira, derivado de operacións financeiras de cobertura e xestión do risco do tipo de xuro e tipo de troco.

Concepto 599. Outros ingresos patrimoniais.

Recolle os ingresos patrimoniais non incluídos nos conceptos anteriores.

A.2 *Operacións de capital*

Comprende os capítulos 6, «Alleamento de investimentos reais», e 7, «Transferencias de capital», do orzamento de ingresos. Recolle, entre outros, os ingresos procedentes de vendas de inmobles e doutro inmovilizado, así como as transferencias recoñecidas a favor da entidade local para financiar gastos de capital.

CAPÍTULO 6

Alleamento de investimentos reais

Ingresos provenientes de transaccións con saída ou entrega de bens de capital propiedade das entidades locais ou dos seus organismos autónomos.

Artigo 60. *De terreos.*

Comprende os ingresos derivados da venda de soares, predios rústicos e outros terreos.

Concepto 600. Venda de soares.

Ingresos derivados da venda de soares sen edificar.

Concepto 601. Venda de predios rústicos.

Ingresos derivados da venda de predios rústicos.

Concepto 602. Parcelas sobrantes da vía pública.

Ingresos derivados da venda de parcelas sobrantes da vía pública, conceptualizadas como tales conforme o artigo 7 do Regulamento de bens das entidades locais.

Concepto 603. Patrimonio público do solo.

Ingresos derivados da venda de bens integrantes do patrimonio público do solo.

Concepto 609. Outros terreos.

Ingresos derivados da venda de terreos sen edificar non comprendidos nos conceptos anteriores.

Artigo 61. *Dos demais investimentos reais.*

Comprende os ingresos derivados da venda dos investimentos reais non comprendidos no artigo anterior.

Concepto 611. De investimentos de carácter inmateral.

Recollerá os ingresos derivados da venda da propiedade industrial ou intelectual por parte da entidade local ou dos seus organismos autónomos.

Concepto 612. De obxectos valiosos.

Incluíranse os ingresos obtidos pola venda de obxectos que non se deterioran no tempo e que foron adquiridos e mantidos pola entidade local ou polos seus organismos autónomos como depósitos de valor (a título de exemplo, metais preciosos ou obras de arte).

Concepto 619. Doutras investimentos reais.

Recollerá os ingresos derivados do alleamento doutros bens de inmovilizado material non incluídos nos conceptos anteriores.

Artigo 68. *Reintegros por operacións de capital.*

Ingresos realizados na tesouraría da entidade local ou dos seus organismos autónomos orixinados por reintegro de exercicios pechados (aqueles producidos en exercicio distinto a aquel en que se recoñeceu a obriga) por operacións dos capítulos 6 e 7.

Os reintegros do orzamento corrente imputaranse ao propio orzamento de gastos con cargo ao que se recoñecesen as respectivas obrigas, minorando o importe destas, así como o dos pagamentos correspondentes.

Distínguese o concepto:

Concepto 680. De exercicios pechados.

Recolle os ingresos por reintegros de pagamentos realizados con cargo aos créditos antes citados dos orzamentos correspondentes a exercicios anteriores da entidade local ou dos seus organismos autónomos.

CAPÍTULO 7

Transferencias de capital

Ingresos de natureza non tributaria, percibidos polas entidades locais, sen contraprestación directa por parte destas, destinados a financiar operacións de capital.

Por conceptos, diferenciaranse as transferencias en función dos axentes que as conceden. Así mesmo, diferenciaranse as que teñan carácter finalista.

Artigo 70. Da Administración xeral da entidade local.

Este artigo só será aplicable nos orzamentos dos organismos autónomos da entidade local.

Artigo 71. De organismos autónomos da entidade local.

Transferencias de capital que a entidade local e os seus organismos autónomos prevexan recibir de organismos autónomos da propia entidade.

Artigo 72. Da Administración do Estado.

Concepto 720. Da Administración xeral do Estado.

Concepto 721. De organismos autónomos e axencias do Estado.

Transferencias de capital procedentes de organismos autónomos do Estado. Distínguense dous subconceptos:

Subconcepto 721.00. Do Servizo Público de Emprego Estatal.

Subconcepto 721.90. Doutras.

Concepto 722. De fundacións estatais.

Concepto 723. De sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.

Transferencias de capital procedentes das sociedades e entidades citadas no literal. Distínguense dous subconceptos:

Subconcepto 723.00. De Lotarías e Apostas do Estado.

Subconcepto 723.90. Doutras sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e organismos públicos.

Artigo 73. Da Seguridade Social.

Transferencias de capital que as entidades locais e os seus organismos autónomos prevexan recibir de calquera dos entes que integran o sistema da Seguridade Social.

Artigo 74. De entes públicos e sociedades mercantís da entidade local.

Establécense dous conceptos atendendo á entidade da que proceden as transferencias de capital:

Concepto 740. De entes públicos.

Concepto 741. De sociedades mercantís.

Artigo 75. De comunidades autónomas.

Concepto 750. Da Administración xeral das comunidades autónomas.

Dentro deste concepto, distinguiranse, mediante un subconcepto, as subvencións que perciban as entidades locais da Administración xeral da comunidade autónoma e que estean afectadas á amortización de préstamos e outras operacións financeiras a curto ou a longo prazo concertados por aquelas entidades.

Subconcepto 750.00. Subvencións afectas á amortización de préstamos e operacións financeiras.

Subconcepto 750.02. Transferencias de capital en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de servizos sociais e políticas de igualdade.

Subconcepto 750.30. Transferencias de capital en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de educación.

Subconcepto 750.50. Transferencias de capital en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de emprego e desenvolvemento local.

Subconcepto 750.60. Outras transferencias de capital en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma.

Subconcepto 750.80. Outras transferencias de capital da Administración xeral da comunidade autónoma.

Concepto 751. De organismos autónomos e axencias das comunidades autónomas.

Concepto 752. De fundacións das comunidades autónomas.

Concepto 753. De sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas.

Artigo 76. De entidades locais.

Concepto 761. De deputacións, consellos ou cabidos.

Concepto 762. De concellos.

Concepto 763. De mancomunidades.

Concepto 764. De áreas metropolitanas.

Concepto 765. De comarcas.

Concepto 766. Doutras entidades que agrupen municipios.

Concepto 767. De consorcios.

Concepto 768. De entidades locais menores.

Artigo 77. De empresas privadas.**Artigo 78. De familias e institucións sen fins de lucro.****Artigo 79. Do exterior.**

Recóllense, detallados, os ingresos por transferencias de capital recibidos das institucións da Unión Europea e, de forma conxunta, os procedentes, de ser o caso, doutras institucións e organizacións internacionais, así como de axentes situados fóra do territorio nacional ou con estatuto de extraterritorialidade.

Establécense os seguintes conceptos:

Concepto 790. Do Fondo Social Europeo.

Concepto 791. Do Fondo de Desenvolvemento Rexional.

Concepto 792. Do Fondo de Cohesión.

Concepto 793. Do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga).

Concepto 794. Do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Concepto 795. Do FEOGA-Orientación.

Concepto 796. Do Fondo Europeo da Pesca (FEP).

Concepto 797. Outras transferencias da Unión Europea.

Concepto 799. Outras transferencias do exterior, excluindo a Unión Europea.

B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS

As operacións financeiras tanto a curto (por prazo non superior a un ano) como a longo prazo (superior a un ano) recóllense nos capítulos 8, «Activos financeiros», e 9,

«Pasivos financeiros». O primeiro recollerá os alleamentos de activos financeiros así como os reintegros de préstamos concedidos, depósitos e fianzas constituídos pola entidade local. O artigo 87, «Remanente de tesouraría», recollerá, ao longo do exercicio, as aplicacións a orzamento do remanente de tesouraría.

O capítulo 9, «Pasivos financeiros», incluírá a concertación ou emisión de pasivos financeiros.

CAPÍTULO 8

Activos financeiros

Este capítulo recolle o ingreso que obteñen as entidades locais e os seus organismos autónomos polo alleamento de activos financeiros, tanto do interior como do exterior, calquera que sexa a forma de instrumentación e o seu vencemento.

Os reintegros de anticipos de soldos e salarios e demais préstamos ao persoal recolleranse nos conceptos 830, «Préstamos a curto prazo. Desenvolvemento por sectores», e 831, «Préstamos a longo prazo. Desenvolvemento por sectores»; se for o caso, poderase crear un subconcepto específico.

Igualmente, este capítulo é o destinado para recoller a devolución de depósitos e fianzas constituídos polas entidades locais.

A clasificación dos activos financeiros poderase desenvolver por sectores, facendo uso dos subconceptos que procedan.

Como se indicou anteriormente, o artigo 87, «Remanente de tesouraría», recollerá, ao longo do exercicio, as aplicacións a orzamento do remanente de tesouraría.

Artigo 80. *Alleamento de débeda do sector público.*

Comprende os ingresos procedentes da venda de todo tipo de débeda emitida polo sector público, a curto (con prazo de vencemento non superior a un ano) e a longo prazo (vencemento superior a un ano), e documentada en títulos valores, anotacións en conta ou calquera outro documento, agás contrato de préstamo.

Concepto 800. Alleamento de débeda do sector público a curto prazo.

Comprende os ingresos obtidos polo alleamento de débeda do sector público con vencemento non superior a 12 meses. Distínguense os seguintes subconceptos atendendo ao axente emisor:

- Subconcepto 800.00. Do Estado.
- Subconcepto 800.10. De comunidades autónomas.
- Subconcepto 800.20. De entidades locais.

Concepto 801. Alleamento de débeda do sector público a longo prazo.

Comprende os ingresos obtidos polo alleamento de débeda do sector público con vencemento superior a 12 meses. Distínguense os seguintes subconceptos atendendo ao axente emisor:

- Subconcepto 801.00. Do Estado.
- Subconcepto 801.10. De comunidades autónomas.
- Subconcepto 801.20. De entidades locais.

Artigo 81. *Alleamento de obrigas e bonos de fóra do sector público.*

Comprende os ingresos procedentes da venda de toda clase de obrigas e bonos, a curto (con prazo de vencemento non superior a un ano) e a longo prazo (vencemento superior a un ano), emitidos por axentes externos ao sector público, e documentados en títulos valores.

Concepto 810. Alleamento de obrigas e bonos de fóra do sector público a curto prazo.

Comprende os ingresos obtidos por alleamento de débeda de fóra do sector público con vencemento non superior a 12 meses.

Concepto 811. Alleamento de obrigas e bonos fóra do sector público a longo prazo.

Comprende os ingresos obtidos por alleamento de débeda de fóra do sector público con vencemento superior a 12 meses.

Artigo 82. *Reintegro de préstamos e anticipos concedidos ao sector público.*

Comprende os ingresos obtidos por reintegros de préstamos e anticipos concedidos ao sector público, con ou sen xuro, con prazo de reembolso a curto (non superior a un ano) e longo prazo (superior a un ano).

Concepto 820. Reintegro de préstamos e anticipos concedidos ao sector público a curto prazo.

Comprende os reintegros de préstamos e anticipos concedidos a entes do sector público, con ou sen xuro, cando o prazo de vencemento non sexa superior a 12 meses.

Distínguense os seguintes subconceptos, segundo o axente ao que se concederon aqueles:

- Subconcepto 820.00. Do Estado.
- Subconcepto 820.10. De comunidades autónomas.
- Subconcepto 820.20. De entidades locais.

Concepto 821. Reintegro de préstamos e anticipos concedidos ao sector público a longo prazo.

Comprende os reintegros de préstamos e anticipos concedidos a entes do sector público, con ou sen xuro, cando o prazo de vencemento sexa superior a 12 meses.

- Subconcepto 821.00. Do Estado.
- Subconcepto 821.10. De comunidades autónomas.
- Subconcepto 821.20. De entidades locais.

Artigo 83. *Reintegro de préstamos de fóra do sector público.*

Comprende os recursos obtidos por reintegros de préstamos ou anticipos concedidos a axentes externos ao sector público, con ou sen xuro, con prazo de reembolso a curto (non superior a un ano) ou a longo prazo (superior a un ano).

Nos conceptos 830 e 831 incluíranse os reintegros dos anticipos de pagas ao persoal; poderase, se for o caso, crear un subconcepto específico para tal efecto.

Concepto 830. Reintegros de préstamos de fóra do sector público a curto prazo.

Comprende os reintegros e anticipos concedidos a entidades non pertencentes ao sector público cando o prazo de vencemento non sexa superior a 12 meses.

Concepto 831. Reintegros de préstamos de fóra do sector público a longo prazo.

Comprende os reintegros e anticipos concedidos a entidades non pertencentes ao sector público cando o prazo de vencemento sexa superior a 12 meses.

Artigo 84. *Devolución de depósitos e fianzas constituídos.*

Recolle os ingresos procedentes do reintegro de depósitos e fianzas constituídos pola entidade local ou polos seus organismos autónomos.

Distínguense os seguintes conceptos:

- Concepto 840. Devolución de depósitos.
- Concepto 841. Devolución de fianzas.

Artigo 85. *Alleamento de accións e participacións do sector público.*

Recolle os ingresos procedentes da venda de títulos representativos da propiedade do capital de entes encadrados dentro do sector público.

Artigo 86. *Alleamento de accións e participacións fóra do sector público.*

Recolle os ingresos procedentes da venda de títulos representativos da propiedade do capital de entidades non pertencentes ao sector público.

Artigo 87. *Remanente de tesouraría.*

Incluirase a parte do remanente de tesouraría que se utilice como medio de financiamento de modificacións de crédito.

Concepto 870. Remanente de tesouraría.

Diferenciarase, por subconceptos, a parte destinada a gastos con financiamento afectado da destinada a gastos xerais.

Subconcepto 870.00. Para gastos xerais.

Subconcepto 870.10. Para gastos con financiamento afectado.

CAPÍTULO 9**Pasivos financeiros**

Neste capítulo recóllese o financiamento das entidades locais e dos seus organismos autónomos procedente da emisión de débeda pública e de préstamos recibidos calquera que sexa a moeda en que estean nominados, a súa natureza e o prazo de reembolso.

As operacións financeiras citadas inclúense polo seu importe efectivo, minorado, de ser o caso, polas diferenzas negativas que se aplican ao concepto 399 de ingresos.

Ademais, imputaranse os ingresos que obteñan as entidades locais e os seus organismos autónomos procedentes de depósitos e fianzas recibidos.

Artigo 90. *Emisión de débeda pública en euros.*

Recolle os ingresos obtidos pola emisión de débeda en euros, en calquera das modalidades en que poidan facelo as entidades locais, tanto a curto (con prazo de vencemento non superior a un ano) como a longo prazo (con vencemento superior a un ano).

Concepto 900. Emisión de débeda pública en euros a curto prazo.

Recolle os ingresos obtidos pola emisión, polas entidades locais e polos seus organismos autónomos, de débeda pública en euros a curto prazo (con vencemento non superior a un ano).

Concepto 901. Emisión de débeda pública en euros a longo prazo.

Recolle os ingresos obtidos pola emisión, polas entidades locais e polos seus organismos autónomos, de débeda pública en euros a longo prazo (con vencemento superior a un ano).

Artigo 91. *Préstamos recibidos en euros.*

Recolle os ingresos derivados de préstamos recibidos en euros, concedidos tanto por entes do sector público como por axentes de fóra do sector público, tanto a curto (con prazo de vencemento non superior a un ano) como a longo prazo (con vencemento superior a un ano).

Por conceptos, diferenciaranse en función da natureza pública ou privada do prestamista e mais do prazo de amortización.

Concepto 910. Préstamos recibidos a curto prazo de entes do sector público.

Concepto 911. Préstamos recibidos a longo prazo de entes do sector público.

Concepto 912. Préstamos recibidos a curto prazo de entes de fóra do sector público.

Concepto 913. Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fóra do sector público.

Artigo 92. *Emisión de débeda pública en moeda distinta do euro.*

Recolle os ingresos obtidos pola emisión de débeda en moeda distinta do euro, a curto (con prazo de vencemento non superior a un ano) e a longo prazo (con vencemento superior a un ano).

Concepto 920. Emisión de débeda pública en moeda distinta do euro a curto prazo.

Concepto 921. Emisión de débeda pública en moeda distinta do euro a longo prazo.

Artigo 93. *Préstamos recibidos en moeda distinta do euro.*

Recolle os ingresos derivados de préstamos nominados en moeda distinta do euro, calquera que sexa o seu prazo de reembolso, distinguíndose este a curto prazo (con prazo non superior a un ano) e a longo prazo (con prazo superior a un ano).

Concepto 930. Préstamos recibidos en moeda distinta do euro a curto prazo.

Concepto 931. Préstamos recibidos en moeda distinta do euro a longo prazo.

Artigo 94. *Depósitos e fianzas recibidos.*

Recolle os depósitos constituídos e as fianzas ingresadas en metálico nas caixas das entidades locais ou dos seus organismos autónomos.

Concepto 940. Depósitos recibidos.

Concepto 941. Fianzas recibidas.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación
1	10	100		Impostos directos.
		101		Imposto sobre a renda.
		102		Impostos sobre a renda das persoas físicas.
				Imposto sobre sociedades.
				Imposto sobre a renda de non residentes.

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	
2	11			Impostos sobre o capital.	
		110		Imposto sobre sucesións e doazóns.	
		111		Imposto sobre patrimonio.	
		112		Imposto sobre bens inmobles. Bens inmobles de natureza rústica.	
		113		Imposto sobre bens inmobles. Bens inmobles de natureza urbana.	
		114		Imposto sobre bens inmobles. Bens inmobles de características especiais.	
		115		Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.	
		116		Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana.	
		117		Imposto sobre vivendas desocupadas.	
		13			Imposto sobre as actividades económicas.
			130		Imposto sobre actividades económicas.
		16			Recargas sobre impostos directos do Estado e da comunidade autónoma.
			160		Sobre impostos do Estado.
			161		Sobre impostos da comunidade autónoma.
		17			Recargas sobre impostos directos doutros entes locais.
			170		No imposto sobre bens inmobles.
			171		Recarga provincial no imposto sobre actividades económicas.
	179			Outras recargas sobre impostos directos doutros entes locais.	
	18			Impostos directos extinguidos.	
	19			Outros impostos directos.	
				Impostos indirectos.	
	21			Impostos sobre o valor engadido.	
		210		Imposto sobre o valor engadido.	
	22			Sobre consumos específicos.	
		220		Impostos especiais.	
			220.00	Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas.	
			220.01	Imposto sobre a cervexa.	
			220.02	Imposto sobre o viño e bebidas fermentadas.	
			220.03	Imposto sobre os elaborados do tabaco.	
			220.04	Imposto sobre hidrocarburos.	
			220.05	Imposto sobre determinados medios de transporte.	
			220.06	Imposto sobre produtos intermedios.	
			220.07	Imposto sobre a enerxía.	
			220.08	Imposto sobre vendas polo miúdo de hidrocarburos.	
			220.09	Exacción sobre a gasolina.	
	26			Recargas sobre impostos indirectos do Estado e da comunidade autónoma.	
		260		Sobre impostos do Estado.	
		261		Sobre impostos da comunidade autónoma.	
27			Recargas sobre impostos indirectos doutros entes locais.		
	270		Sobre impostos doutros entes locais.		
28			Impostos indirectos extinguidos.		
29			Outros impostos indirectos.		
	290		Imposto sobre construcións, instalacións e obras.		
	291		Imposto sobre gastos suntuarios (coutos de caza e pesca).		
	292		Arbitrio sobre importacións e entregas de mercadorías en Canarias (AIEM).		
	293		Imposto xeral indirecto canario (IXIC).		
	294		Imposto sobre a produción, os servizos e a importación (IPSI) de Ceuta e Melilla.		
	295		Imposto sobre primas de seguros.		
	296		Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.		
	299		Outros impostos indirectos.		
				Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	
	3	30			Taxas pola prestación de servizos públicos básicos.
300				Servizo de abastecemento de auga.	
301				Servizo de rede de sumidoiros.	
302				Servizo de recollida de lixo.	
303				Servizo de tratamento de residuos.	
304				Canon de saneamento.	
309			Outras taxas por prestación de servizos básicos.		
31				Taxas pola prestación de servizos públicos de carácter social e preferente.	
		310		Servizos hospitalarios.	

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación
		311		Servizos asistenciais.
		312		Servizos educativos.
		313		Servizos deportivos.
	32	319		Outras taxas por prestación de servizos de carácter preferente.
				Taxas pola realización de actividades de competencia local.
		320		Licenzas de caza e pesca.
		321		Licenzas urbanísticas.
		322		Cédulas de habitabilidade e licenzas de primeira ocupación.
		323		Taxas por outros servizos urbanísticos.
		324		Taxas sobre o xogo.
		325		Taxa por expedición de documentos.
		326		Taxa por retirada de vehículos.
	33	329		Outras taxas pola realización de actividades de competencia local.
				Taxas pola utilización privativa ou polo aproveitamento especial do dominio público local.
		330		Taxa de estacionamento de vehículos.
		331		Taxa por entrada de vehículos.
		332		Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial por empresas explotadoras de servizos de subministracións.
		333		Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial por empresas explotadoras de servizos de telecomunicacións.
		334		Taxa por apertura de calas e gabias.
		335		Taxa por ocupación da vía pública con terrazas.
		336		Taxa por ocupación da vía pública con suspensión temporal do tráfico rodado.
		337		Taxas por aproveitamento do voo.
		338		Compensación de Telefónica de España, S.A.
	34	339		Outras taxas por utilización privativa do dominio público.
				Prezos públicos.
		340		Servizos hospitalarios.
		341		Servizos asistenciais.
		342		Servizos educativos.
		343		Servizos deportivos.
		344		Entradas a museos, exposicións, espectáculos.
		345		Servizo de transporte público urbano.
		349		Outros prezos públicos.
	35			Contribucións especiais.
		350		Para a execución de obras.
		351		Para o establecemento ou a ampliación de servizos.
	36			Vendas.
	38			Reintegros de operacións correntes.
		380		Reintegro de avais.
		389		Outros reintegros de operacións correntes.
	39			Outros ingresos.
		391		Multas.
			391.00	Multas por infraccións urbanísticas.
			391.10	Multas por infraccións tributarias e análogas.
			391.20	Multas por infraccións da ordenanza de circulación.
			391.90	Outras multas e sancións.
		392		Recargas do período executivo e por declaración extemporánea sen requirimento previo.
			392.00	Recarga por declaración extemporánea sen requirimento previo.
			392.10	Recarga executiva.
			392.11	Recarga de constringimento.
		393		Xuros de demora.
		394		Prestación persoal.
		395		Prestación de transporte.
		396		Ingresos por actuacións de urbanización.
			396.00	Canon de urbanización.
			396.10	Cotas de urbanización.
		397		Aproveitamentos urbanísticos.
			397.00	Canon por aproveitamentos urbanísticos.
			397.10	Outros ingresos por aproveitamentos urbanísticos.

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación	
4		398		Indemnizacións de seguros de non vida.	
		399		Outros ingresos diversos.	
	40			Transferencia correntes.	
	41			Da Administración xeral da entidade local.	
	42			De organismos autónomos da entidade local.	
			420		Da Administración do Estado.
				420.00	Da Administración xeral do Estado.
				420.10	Participación nos tributos do Estado.
				420.20	Fondo Complementario de Financiamento.
				420.90	Compensación por beneficios fiscais.
			421		Outras transferencias correntes da Administración xeral do Estado.
				421.00	De organismos autónomos e axencias estatais.
				421.90	Do Servizo Público de Emprego Estatal.
			422		Doutros organismos autónomos e axencias.
			423		De fundacións estatais.
				423.00	De sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.
				423.90	De Lotarías e Apostas do Estado.
		43			Doutras sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e organismos públicos.
		44			Da Seguridade Social.
				440	De entes públicos e sociedades mercantís da entidade local.
				441	De entes públicos.
		45			De sociedades mercantís.
			450		De comunidades autónomas.
				450.00	Da Administración xeral das comunidades autónomas.
				450.01	Participación en tributos da comunidade autónoma.
				450.02	Outras transferencias incondicionadas.
				450.30	Transferencias correntes en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de servizos sociais e políticas de igualdade.
				450.50	Transferencias correntes en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de educación.
				450.60	Transferencias correntes en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de emprego e desenvolvemento local.
				450.80	Outras transferencias correntes en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma.
			451		Outras subvencións correntes da Administración xeral da comunidade autónoma.
			452		De organismos autónomos e axencias das comunidades autónomas.
			453		De fundacións das comunidades autónomas.
		46			De sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas.
					De entidades locais.
				461	De deputacións, consellos ou cabidos.
				462	De concellos.
				463	De mancomunidades.
				464	De áreas metropolitanas.
				465	De comarcas.
				466	Doutras entidades que agrupen municipios.
				467	De consorcios.
				468	De entidades locais menores.
		47			De empresas privadas.
		48			De familias e institucións sen fins de lucro.
		49			Do exterior.
			490		Do Fondo Social Europeo.
			491		Do Fondo de Desenvolvemento Rexional.
			492		Do Fondo de Cohesión.
		493		Do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga).	
		494		Do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).	
		495		Do FEOGA-Orientación.	
		496		Do Fondo Europeo da Pesca (FEP).	
		497		Outras transferencias da Unión Europea.	
		499		Outras transferencias do exterior, excluindo a Unión Europea.	

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación
5				Ingresos patrimoniais.
	50			Xuros de títulos e valores.
		500		Do Estado.
		501		De organismos autónomos e axencias.
		504		De sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.
		505		De comunidades autónomas.
		506		De entidades locais.
		507		De empresas privadas.
	51			Xuros de anticipos e préstamos concedidos.
		511		De organismos autónomos e axencias.
		514		De sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.
		518		De familias e institucións sen ánimo de lucro.
	52			Xuros de depósitos.
	53			Dividendos e participación en beneficios.
		531		De organismos autónomos e axencias.
		534		De sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.
			534.00	De sociedades e entidades dependentes das entidades locais.
			534.10	De sociedades e entidades non dependentes das entidades locais.
			537	De empresas privadas.
	54			Rendas de bens inmobles.
		541		Arrendamentos de predios urbanos.
		542		Arrendamentos de predios rústicos.
		544		Censos.
		549		Outras rendas de bens inmobles.
	55			Produtos de concesións e aproveitamentos especiais.
		550		De concesións administrativas con contraprestación periódica.
		551		De concesións administrativas con contraprestación non periódica.
		552		Dereito de superficie con contraprestación periódica.
		553		Dereito de superficie con contraprestación non periódica.
		554		Aproveitamentos agrícolas e forestais.
			554.00	Produto de explotacións forestais.
			554.10	Fondo de mellora de montes.
		555		Aproveitamentos especiais con contraprestación.
		559		Outras concesións e aproveitamentos.
	59			Outros ingresos patrimoniais.
		591		Beneficios por realización de investimentos financeiros.
		592		Ingresos por operacións de intercambio financeiro.
		599		Outros ingresos patrimoniais.
6				Alleamento de investimentos reais.
	60			De terreos.
		600		Venda de soares.
		601		Venda de predios rústicos.
		602		Parcelas sobrantes da vía pública.
		603		Patrimonio público do solo.
		609		Outros terreos.
	61			Dos demais investimentos reais.
		611		De investimentos de carácter inmaterial.
		612		De obxectos valiosos.
		619		Doutros investimentos reais.
	68			Reintegros por operacións de capital.
		680		De exercicios pechados.
7				Transferencias de capital.
	70			Da Administración xeral da entidade local.
	71			De organismos autónomos da entidade local.
	72			Da Administración do Estado.
		720		Da Administración xeral do Estado.
		721		De organismos autónomos e axencias estatais.

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación		
8			721.00	Do Servizo Público de Emprego Estatal.		
			721.90	Doutros organismos autónomos e axencias.		
			722	De fundacións estatais.		
			723	De sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.		
			73		723.00	De Lotarías e Apostas do Estado.
					723.90	Doutras sociedades mercantís estatais, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos.
			74			Da Seguridade Social.
			75		740	De entes públicos e sociedades mercantís da entidade local.
					741	De entes públicos.
			76		750	De sociedades mercantís.
						De comunidades autónomas.
						Da Administración xeral das comunidades autónomas.
					750.00	Subvencións afectas á amortización de préstamos e operacións financeiras.
					750.02	Transferencias de capital en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de servizos sociais e políticas de igualdade.
					750.30	Transferencias de capital en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de educación.
					750.50	Transferencias de capital en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de emprego e desenvolvemento local.
					750.60	Outras transferencias de capital en cumprimento de convenios subscritos coa comunidade autónoma.
					750.80	Outras transferencias de capital da Administración xeral da comunidade autónoma.
					751	De organismos autónomos e axencias das comunidades autónomas.
			752	De fundacións das comunidades autónomas.		
			753	De sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas.		
			77		761	De entidades locais.
					762	De deputacións, consellos ou cabidos.
					763	De concellos.
					764	De mancomunidades.
					765	De áreas metropolitanas.
					766	De comarcas.
					767	Doutras entidades que agrupen municipios.
					768	De consorcios.
			78		768	De entidades locais menores.
					77	De empresas privadas.
			79		78	De familias e institucións sen fins de lucro.
					79	Do exterior.
					790	Do Fondo Social Europeo.
					791	Do Fondo de Desenvolvemento Rexional.
					792	Do Fondo de Cohesión.
					793	Do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga).
					794	Do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
					795	Do FEOGA-Orientación.
					796	Do Fondo Europeo da Pesca (FEP).
					797	Outras transferencias da Unión Europea.
					799	Outras transferencias do exterior, excluindo a Unión Europea.
80		800			Activos financeiros.	
			Alleamento de débeda do sector público.			
			Alleamento de débeda do sector público a curto prazo.			
		800.00	Do Estado.			
		800.10	De comunidades autónomas.			
		800.20	De entidades locais.			
		801	Alleamento de débeda do sector público a longo prazo.			
		801.00	Do Estado.			
		801.10	De comunidades autónomas.			
		801.20	De entidades locais.			
81		81	Alleamento de obrigas e bonos fóra do sector público.			
		810	Alleamento de obrigas e bonos fóra do sector público a curto prazo.			
		811	Alleamento de obrigas e bonos fóra do sector público a longo prazo.			
82			Reintegro de préstamos e anticipos concedidos ao sector público.			

Capítulo	Artigo	Concepto	Subconcepto	Denominación		
9		820	820.00	Reintegro de préstamos e anticipos concedidos ao sector público a curto prazo. Do Estado.		
			820.10	De comunidades autónomas.		
			820.20	De entidades locais.		
		821	821.00	821.00	Reintegro de préstamos e anticipos concedidos ao sector público a longo prazo. Do Estado.	
					821.10	De comunidades autónomas.
					821.20	De entidades locais.
		83			Reintegros de préstamos de fóra do sector público.	
			830		Reintegros de préstamos de fóra do sector público a curto prazo.	
			831		Reintegros de préstamos de fóra do sector público a longo prazo.	
		84			Devolución de depósitos e fianzas constituídos.	
			840		Devolución de depósitos.	
			841		Devolución de fianzas.	
		85			Alleamento de accións e participacións do sector público.	
		86			Alleamento de accións e participacións fóra do sector público.	
		87			Remanente de tesouraría.	
			870		Remanente de tesouraría.	
				870.00	Para gastos xerais.	
				870.10	Para gastos con financiamento afectado.	
					Pasivos financeiros.	
		90			Emisión de débeda pública en euros.	
			900		Emisión de débeda pública en euros a curto prazo.	
			901		Emisión de débeda pública en euros a longo prazo.	
		91			Préstamos recibidos en euros.	
			910		Préstamos recibidos a curto prazo de entes do sector público.	
			911		Préstamos recibidos a longo prazo de entes do sector público.	
			912		Préstamos recibidos a curto prazo de entes de fóra do sector público.	
			913		Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fóra do sector público.	
		92			Emisión de débeda pública en moeda distinta do euro.	
			920		Emisión de débeda pública en moeda distinta do euro a curto prazo.	
			921		Emisión de débeda pública en moeda distinta do euro a longo prazo.	
		93			Préstamos recibidos en moeda distinta do euro.	
	930		Préstamos recibidos en moeda distinta do euro a curto prazo.			
	931		Préstamos recibidos en moeda distinta do euro a longo prazo.			
94			Depósitos e fianzas recibidos.			
	940		Depósitos recibidos.			
	941		Fianzas recibidas.			

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

19918 *REAL DECRETO 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero. («BOE» 297, do 10-12-2008.)*

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, atende as vítimas deste tipo de violencia dun modo integral e multidisciplinario, polo que para o cumprimento dos seus fins prevé un conxunto de medidas que abranquen aspectos preventivos, educativos, sociais, asistenciais e de atención posterior ás vítimas.

Entre as devanditas medidas, cabe salientar as que se dirixen ás vítimas desempregadas inscritas nos servizos públicos de emprego, que buscan a súa inserción sociolaboral e, deste modo, acceder a unha independencia económica e persoal necesaria para romper o vínculo co seu

agresor e lograr a súa efectiva recuperación integral. Non obstante, as mulleres vítimas de violencia de xénero presentan, en moitas ocasións, especiais dificultades para acceder a un emprego debido a circunstancias derivadas da situación de violencia sufrida, tales como o conseguinte illamento do mundo laboral e social, a deterioración da propia autoestima persoal ou o feito de ter que facerse cargo en exclusiva dos familiares dependentes. Noutras ocasións, atópanse na necesidade de trasladar a súa residencia habitual a unha localidade distinta de cara á súa protección persoal, o que a miúdo implica a busca dun novo posto de traballo.

Por iso, a lei orgánica establece no seu artigo 22 que «no marco do Plan de emprego do Reino de España, incluírase un programa de acción específico para as vítimas de violencia de xénero inscritas como demandantes de emprego.

Este programa incluírá medidas para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia».

En consecuencia, no actual Programa nacional de reformas do Reino de España (PNR), cuxo predecesor, desde 1998, foi o Plan nacional de acción para o emprego